

PARTE III

ESTRATÉGIA DE DESENVOLVIMENTO LOCAL PARTICIPATIVA



III.1 DETERMINACIÓN DE ESTRANGULAMENTOS E POTENCIALIDADES (ANÁLISE DAFO)

INTRODUCCIÓN

A elaboración da estratexia Leader 2014-2020, que promove a Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes (ASDECOMOR), debe partir do coñecemento preciso, realista e contrastado da realidade territorial, que conduza ao desenvolvemento dunha estratexia *“intelixente, sustentable e integradora, deseñada e posta en práctica desde o enfoque do desenvolvemento local participativo”*.

Para realizar unha aproximación veraz do contexto e situación da comarca, se parte da ANÁLISE TERRITORIAL (datos estatísticos e información contrastada) e complementase coa percepción e valoración que ten a cidadanía, obtida a través do PROCESO DE PARTICIPACIÓN. A análise obxectiva e a percepción subxectiva permítenos avanzar no coñecemento e realizar un DIAGNÓSTICO COMARCAL que nos conduce e a través dun matriz D.A.F.O. u. a identificar as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. Esta análise é a ferramenta estratéxica por excelencia, obténdose co seu uso a situación real na que se atopa a Comarca.

As debilidades e fortalezas pertencen ós factores internos da Comarca, ó realiza-la análise dos recursos e capacidades; esta debe considerar unha grande diversidade de factores internos, que forman parte do conxunto da Comarca e que teñen lugar dentro dela.

As ameazas e oportunidades pertencen ó entorno externo da Comarca, debendo esta superalas ou aproveitalas, anticipándose ás mesmas.

- **Debilidades:** tamén chamadas puntos débiles. Son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento sostible da Comarca, e deben, polo tanto, ser controladas e superadas.
- **Fortalezas:** tamén chamadas puntos fortes. Son capacidades, recursos, posicións acadadas e, consecuentemente, vantaxes que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **Ameazas:** defínese como toda forza do entorno que pode impedi-lo desenvolvemento sostible.
- **Oportunidades:** é todo aquilo que poida supoñer unha vantaxe para a Comarca, o ben representar unha posibilidade para mellorar o estado de desenvolvemento sostible da mesma.

A partir da D.A.F.O. realízase unha análise C.A.M.E. (como Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as Fortalezas e Explotar as oportunidades); que nos levará á detección de NECESIDADES, que priorizadas e axustadas ás MEDIDAS, permitirá definir o PLAN DE ACCIÓN con proposta de OPERACIÓNS E ACCIÓNS concretas que resolvan os problemas e aproveiten as potencialidades detectadas no DIGANÓSTICO E CONSULTA.

A identificación do potencial, das vantaxes competitivas e da problemática da comarca que dá lugar

á matriz DAFO está fundamentada en información obxectiva e nas achegas realizadas pola cidadanía. Así, o método empregado no diagnóstico baséanse en:

- ✓ A información procedente da análise do contexto territorial realizado na fase previa, que inclúe unha ampla información cualitativa e cuantitativa, incluíndo indicadores de contexto.
- ✓ A participación cidadá articulada a través de enquisas participativas e Grupos de Traballo. Esta participación é un elemento crave para coñecer a situación real do territorio e das súas potencialidades de desenvolvemento, polo que se realizaron un total de seis Grupos de traballo (cinco sectoriais e un transversal) co fin de acordar as oportunidades, as ameazas, as fortalezas e as debilidades do territorio, outorgando prioridade a aqueles factores que teñen un maior valor estratéxico e relegando outros elementos cun peso secundario. Os Grupos de Traballo organizados de forma aberta á cidadanía son os seguintes:
 - Grupo de Traballo sobre Empresa, Comercio e Innovación. Reunido o 13 de maio de 2016 en Ordes e o 23 de maio de 2016 en Cerceda.
 - Grupo de Traballo sobre o Sector Agroalimentario. Reunido o 25 de maio de 2016 en Ordes
 - Grupo de Traballo do Sector Institucional. Reunido o 6 de xuño de 2016 en Ordes
 - Grupo de Traballo sobre o Turismo. Reunido o 25 de maio de 2016 en Ordes
 - Grupo de Traballo sobre o sector primario (agrícola, gandeiro e forestal). Reunido o 17 de xullo na sede de Unións Agrarias en Ordes.
 - Grupo de Traballo sobre a muller. Análise individual mediante cadernos de traballo que posteriormente se fixeron chegar a ASDECOMOR (mail ou entrega en man). Cada entidade realizou unha análise independente.

As características, metodoloxías, ferramentas de apoio, procesos, accións divulgación e participación nos Grupos de Traballo expónse de forma detallada nun capítulo posterior da estratexia, destinado a describir o proceso de participación da comunidade no desenvolvemento da estratexia.

- ✓ Os resultados obtidos do cuestionario en liña posto a disposición da poboación en xeral, que permitiu obter unha valoración cuantitativa da situación actual comarcal. Aínda que esta información non ten validez estatística, se achega unha visión xeral daquelas persoas interesadas polo desenvolvemento do seu territorio. Os resultados estatísticos inclúense o apartado sobre o proceso de participación da comunidade no desenvolvemento da EDLP para a Comarca de Ordes.

En total, identificáronse 99 Debilidades, 68 Ameazas, 72 Fortalezas e 66 Oportunidades, que se agruparon en catro ámbitos sectoriais (segundo actividade) e cinco ámbitos transversais:

- TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS (14 debilidades / 8 Ameazas / 11 Fortalezas / 8 Oportunidades)
- CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL (12 debilidades / 8 Ameazas / 7 Fortalezas

/ 8 Oportunidades)

- MEDIO AMBIENTE (10 debilidades / 8 Ameazas / 6 Fortalezas / 6 Oportunidades)
- ACTIVIDADE AGROGANDEIRA (18 debilidades / 7 Ameazas / 7 Fortalezas / 7 Oportunidades)
- ACTIVIDADE AGROALIMENTARIA (5 debilidades / 8 Ameazas / 8 Fortalezas / 8 Oportunidades)
- ACTIVIDADE FORESTAL (10 debilidades / 5 Ameazas / 10 Fortalezas / 6 Oportunidades)
- ACTIVIDADE TURÍSTICA (10 debilidades / 6 Ameazas / 6 Fortalezas / 5 Oportunidades)
- EMPRESA E INNOVACIÓN (12 debilidades / 12 Ameazas / 9 Fortalezas / 13 Oportunidades)
- CULTURA E OCIO (5 debilidades / 3 Ameazas / 5 Fortalezas / 3 Oportunidades)
- PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO (4 debilidades / 3 Ameazas / 3 Fortalezas / 2 Oportunidades)

A matriz DAFO que se obtén neste proceso de diagnóstico non só contén información puntual sobre debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do territorio, senón que tamén establécese a vinculación de cada elemento da DAFO coas prioridades de desenvolvemento rural da Unión establecidas no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

DEBILIDADES

ÁMBITO	DEBILIDADE
TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS	• Inexistencia de planeamento urbanístico en diversos concellos • Gran dispersión da poboación, o que dificulta a dotación de servizos. • Abundancia de vivendas baleiras e en mal estado en zonas rurais. • Vías de comunicación intracomarcais deficientes. • A N-550 atravesa núcleos principais afectando á poboación. • Transporte público deficiente en zonas rurais. • Alta porcentaxe de poboación con abastecemento e saneamento privados sen control. • Deficientes telecomunicacións en zonas rurais. • Falla de concentración parcelaria integrada co medio. • Paulatina perda de servizos públicos: educativos, sanitarios, etc. • Solo industrial dispoñible inutilizado e parcelas de pequena superficie. • Inadecuado mantemento de infraestruturas de comunicación, mobilidade interna con dependencia do transporte privado e

	inadecuadas comunicacións intracomarcais • Falta de equipamentos e servizos públicos que incentiven o desenvolvemento empresarial: viveiros de empresas, servizos de coworking, chan industrial, etc. • Demanda crecente de servizos e equipamentos asistenciais: residencias xeriátricas, centros de días, maior cobertura de servizos domiciliarios, etc.
CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL	• Envellecemento da poboación e regresión demográfica. • Poboación dispersa no territorio e baixa densidade da poboación. • Desequilibrio na distribución da poboación: concentración nas zonas urbanas • Desigualdade home-muller. Maiores taxas de paro e de analfabetismo nas mulleres • Necesidade de mellora-los servizos á terceira idade e as persoas con disfuncionalidade, • Baixas taxas de actividade e ocupación. • Baixo nivel de renda. • Perda continuada de emprego: alto nivel de desemprego entre mozos e mulleres ,especialmente entre aqueles de baixa cualificación. Saída sen retorno de mozos cualificados. • Pouca implicación da ampla estrutura asociativa na dinamización socioeconómica do territorio. Escasa cultura da participación. • Desequilibrios territoriais na prestación de servizos sanitarios e asistenciais • Aumento da brecha laboral entre os núcleos urbanos e os rurais, con maior concentración nos primeiros. • Existencia de parados que non figuran inscritos como demandantes de emprego, especialmente no emprego feminino.
MEDIO AMBIENTE	• Numerosas captacións de auga e posiblemente afectadas por contaminacións orgánicas • Contaminación en ríos e augas subterráneas • Vertidos industrial. • Escasa vexetación autóctona

	• Falta de conciencia ambiental. • Perda de hábitats e abandono da paisaxe como consecuencia da destrución dos usos agrarios tradicionais. • Inadecuado mantemento e limpeza de espazos de uso público urbanos, de rede de sendas, núcleos rurais, rede fluvial, etc.: • Rexeitamento social á xestión e regulación da Rede Natura. • Elevada vulnerabilidade dos incendios forestais por falta de coidados silvícolas, conflito social e abandono de usos tradicionais. • Escasa implantación de medidas de eficiencia enerxética.
ACTIVIDADE AGROGANDEIRA	• Baixa presenza de programas de I+D+i nas explotacións gandeiras e nas actividades agrícolas • Progresiva terciarización da actividade económica e o emprego. Perda de emprego agrario • Ausencia de proxectos demostrativos sobre outros aproveitamentos agrícolas • Deficitaria oferta formativa • Dificultades para o relevo xeracional • Limitada ou inadecuada dimensión territorial das explotacións • Inadecuado tamaño e composición das explotacións gandeiras • Pouca diversificación das actividades • Ausencia dos produtores na cadea de distribución • Déficit de actividades de transformación • Escaseza de marcas de calidade, distintivos territoriais e producións ecolóxica a nivel comarcal. • Escasa implantación de sistemas de aforro enerxético e enerxías renovables • Dificultades de acceso ás novas tecnoloxías • Constantes cambios normativos • Excesiva dependencia de axudas ou subvencións públicas • Escasa implantación do cooperativismo agrario, agás nalgún concello. • Incremento do terreo improdutivo e necesidade de terreo pastable.
ACTIVIDADE AGROALIMENTARIA	• Escasas industrias transformadoras de materias primas. Baixo valor engadido, transformación e innovación das

	produccións primarias e/ou agroalimentarias. • Sector agroalimentario moi atomizado e sen redes sólidas de cooperación. • Falta de desenvolvemento das canles curtas de distribución. • Escasa promoción das producións agroalimentarias locais. Dificultades de comercialización e distribución. Carencia de estratexia de promoción de produtos locais. • Baixa capacidade de innovación
ACTIVIDADE FORESTAL	• Baixa presenza de programas de I+D+i no sector forestal • Deficitaria oferta formativa adecuada ás necesidades das empresas. • Deficiente calidade do emprego forestal • Insuficiente ordenación da propiedade do monte • Ausencia de planificación forestal • Incendios forestais • Problemas fitosanitarios • Escaso aproveitamento das especies autóctonas • Baixa produtividade e competitividade de actividade forestal (elevados custos de explotación/baixo nivel de prezos). • Escasa presenza de industria transformadora de produción madeireira.
TURISMO	• Escaso grao de profesionalización do sector. • Falta de consolidación da comarca como destino turístico. Indefinición de proxecto e de posicionamento. • Deficiente mantemento de infraestruturas e equipamentos turísticos. • Deficiente sinalización e problemas de accesibilidade e comunicación. • Ineficiente coordinación e implicación de axentes públicos-privados e descordinación entre sectores: comercial, hostalería, servizos turístico e aloxamentos. • Recursos dispersos e sen estruturar: non accesibles, sen xestión, con problemas de mantemento, etc. • Baixo coñecemento dos recursos turísticos por parte da poboación local. • Limitada oferta de hospedaxe e restauración, moito máis

	pronunciada nos municipios máis rurais. • Ausencia dun ente dinamizador. • Dificultades para a organización e elevado custo das actividades promocionais.
EMPRESA E INNOVACIÓN	• Estrutura económica comarcal moi centrada na gandería e no sector téxtil. • Escasa xeración de economías a escala. • Elevada presenza de economía informal no sector téxtil. • Reducido nivel de articulación produtiva. • Atomización empresarial, predominio da pequena empresa e escasa innovación. • Empresas con alta dependencia das axudas de investimento e gasto público. • Insuficiencia de axudas económicas para a posta en marcha, ampliación e modernización das empresas. • Pouca actividade innovadora e investigadora. • Escaso aproveitamento das axudas de I+D+i • Dificultades de acceso e limitada implantación das TICs • Excesiva burocratización da actividade empresarial. • Ausencia de formación para asumir novos xacementos de emprego: servizos sociais, producións agroalimentarias, producións primarias, servizos ambientais, etc.
CULTURA E OCIO	• Elevada taxa de analfabetismo. Baixo nivel formativo • Decremento dos recursos educativos na formación regulada. • Falta de alternativas de ocio • Perda de patrimonio cultural por abandono e non transmisión xeracional de cultura inmaterial (coñecementos e saberes). • Dificultades de poboación rural escolar para participar en actividades extraescolares, educativas e de lecer.
PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO	• Escasa participación activa da sociedade civil no desenvolvemento rural • Falta de accións de animación para a participación social • Ausencia de foros de participación cidadá a nivel comarcal • Escaseza de formación e capacitación en desenvolvemento rural

AMEAZAS

ÁMBITO	AMEAZA
TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS	• Centralización de servizos en cidades. • Consolidación de Oroso como zona dormitorio. • Redución do investimento e gasto público. • Perda de servizos e equipamentos públicos: educativos, sanitarios, asistenciais. • Acentuación da brecha tecnolóxica dixital. • Burocratización e complexidade normativa. • Limitada viabilidade económica das infraestruturas de comunicacións nas zonas rurais máis despoboadas • Dificultades para o desenvolvemento de iniciativas privadas de transporte por estrada nos municipios rurais
CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL	• Problemas para o crecemento e desenvolvemento dos concellos debido ó aumento de gastos de administración para o benestar das persoas maiores. • Dificultade para o desenvolvemento debido á limitación na aceptación de novos hábitos. • Falta de recursos para á atención a inmigrantes • Perda de riqueza interna debido a postos de traballo fora da Comarca (Santiago-Coruña) • Tendencia cara ao despoboamento e envellecemento co consecuente perigo de substitución xeracional e abandono de actividade e pobos. Aumento da emigración a zonas máis ricas e cidades veciñas (Santiago e A Coruña) • Problemas para a impartir formación online • Dificultades para a inserción laboral da muller • Perda da estabilidade do emprego
MEDIO AMBIENTE	• Contaminación atmosférica de orixe industrial (Meirama e Sogama) • Enerxías renovables suxeitas a coxunturas políticas que provocan inseguridade na súa utilización • Perda de biodiversidade • Aumento do tráfico no municipio co conseguinte aumento da contaminación atmosférica e molestias por ruído ós cidadás

	• Consumo irracional de auga • Efecto negativo sobre o medio ambiente polo desenvolvemento de actividades agrarias intensivas e o abandono de actividades tradicionais • Limitación de axudas para incorporar enerxías renovables • Aplicación de medidas de eficiencia enerxética sen diagnóstico previo
AGRICULTURA E GANDERÍA	• Limitación da rendibilidade das explotacións polo seu pequeno tamaño. • Excesiva dependencia do sector de bovino. Problemas económicos flutuacións na demanda. • Novas esixencias do mercado e das políticas comunitarias para o subsector lácteo, que obrigan a este a un proxecto de axuste e reconversión • Baixa substitución xeracional nas explotacións gandeiras. • Dependencia da distribución e das políticas de prezos no sector gandeiro. • Incremento do custo dos consumos intermedios das producións • Incerteza sobre a aplicación das axudas da PAC e excesiva burocratización.
AGROALIMENTACIÓN	• Falta de innovación na adaptación e presentación dos produtos • Exceso de normativa • Insuficiente apoio público • Competencia das grandes empresas • Inexistencia de organizacións de produtores • Insuficiente oferta formativa • Producións limitadas e baixa produtividade • Escasa presenza de materias primas elaboradas con produtos ecolóxicos
SECTOR FORESTAL	• Indefinición da acción e política forestal: ordenación e xestión forestal. Redución e/ou eliminación de axudas públicas. • Incertidumes inherentes á produción forestal (incendios e problemas fitosanitarios) • Cambios no modelo forestal tradicional (propietario non vinculados ó territorio, busca de rendibilidade rápida das explotacións...)

	• Escaseza de asesoramento e ausencia de proxectos demostrativos • Despoboamento do medio rural
TURISMO	• Importante desenvolvemento turístico en comarcas veciñas, en contraposición a pouca organización que este sector presenta nesta comarca na actualidade • Bo posicionamento de destinos con similar orientación turística. • Des inversión en materia turística. • Continuos cambio de tendencias na demanda turística. Inadaptación do sector aos cambios. • Obsolescencia tecnolóxica dos establecementos da comarca
EMPRESA E INNOVACIÓN	• Aumento da competencia en materia de prezos e custos por parte dos países emerxentes, sobre todo no sector téxtil. • Pouca tradición exportadora das pemes comarcais • Tecido empresarial pouco diversificado • Atomización empresarial que dificulta e/ou impide o acceso a plans de promoción, innovación e comercialización. • Perda de importancia da produción local fronte a oferta de zonas rurais • Perda de competitividade das empresas comarcais fronte a empresas nacionais e internacionais • Importante crise económica. Dificultade de acceso ó financiamento. Falta de liquidez • Prolongación do actual escenario de crise económica. • Insuficiente compromiso para a promoción de destino (desde punto de vista: turístico, comercial, agroalimentario e empresarial). • Dificultade para aplicar resultados de la investigación a las micropemes • Falta de loxística para a comercialización online de produtos procedentes do medio rural
CULTURA E OCIO	• Introducción de modelos e tipoloxías arquitectónicas urbanas, perda da identidade cultural, abandono da paisaxe tradicional e deterioración do patrimonio histórico-artístico. • Abandono de actividades tradicionais, oficios, saberes e coñecementos rurais. • Atracción de zonas urbanas para compras, lecer, investimento

PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO	• Escaseza de recursos económicos para o desenvolvemento rural participativo • Perda do carácter piloto do LEADER. • Excesiva regulación das políticas de desenvolvemento rural que dificulta o enfoque ascendente e a aplicación das EDLP.
--	---

FORTALEZAS

ÁMBITO	FORTALEZA
TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓN	• Boa infraestrutura educativa. • Bo abastecemento e saneamento nos núcleos urbanos. • Infraestrutura sanitaria por riba da media provincial. • Localización próxima a cidades relevantes e alta accesibilidade extra comarcal. Boa comunicación con A Coruña e Santiago. • Completa cobertura de servizos sociais nos núcleos rurais. • Rede de equipamentos e servizos de lecer e benestar (piscinas, polideportivos, escolas de música, escolas deportivas, etc.) • Demanda de chan e instalacións para desenvolvemento empresarial. • Melloras nas telecomunicacións • Progreso nos últimos anos en materia de infraestruturas básicas • Empresas privadas de transporte de mercancías • Servizos prestados polos telecentros e aulas de informática
CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL	• Diminución progresiva das taxas de desemprego. Indicios de recuperación • Existencia de tres núcleos de dinamización. • Percepción positiva sobre as posibilidades de futuro do medio rural. • Alta estima das capacidades e calidade de vida do territorio • Forte sentimento de arraigamento e identidade. • Existencia de cabeceira comarcal que aglutina actividade económica, poboación, servizos e equipamento. • Peso importante do emprego autónomo
MEDIO AMBIENTE	• Riqueza de hábitats de interese en especial ligados ós ríos e a

	zonas húmidas. Ampla e rica rede hidrográfica con gran valor dos recursos hídricos. • Maior concienciación ambiental. Experiencias de participación cidadá na xestión do medio ambiente. • Recoñecemento do valor ambiental e bio diversidade: rede natura • Existencia de puntos limpos para a xestión de residuos. • Bo servizo de recollida selectiva de refugallo • Incidencia relativamente baixa de incendios forestais
AGRICULTURA E GANDERÍA	• Existencia de produtos de calidade como o grelo, o queique, os produtos lácteos, etc. que ademais están identificados como propios da comarca. • Elevada produtividade agraria • Demanda de superficie pastable para explotacións gandeiras e existencia de terreos susceptibles de aproveitamento agrícola/gandeiro con potencialidade agroecolóxicas • Explotacións gandeiras dimensionadas e profesionalizadas. • Existencia de cooperativas de produtores con arraigo na comarca • Xurdimento de pequenas unidades industriais de transformación • Valorización social da actividade agro gandeira
AGROALIMENTACIÓN	• Diversidade de producións e boa valoración e estima dos produtos locais: viño, carne, mel, pan, etc. • Existencia de feiras e mercados na comarca • Potencial de producións singulares e/ou locais: carne, producións da horta, queixo,, etc. • Alta consideración da calidade da carne. • Recoñecemento das producións agroalimentarias con calidade diferenciada baseada na orixe (Mel de Galicia, Grelo de Galicia, Tenreira Galega) • Melloras na trazabilidade e na seguridade alimentaria • Existencia de materias primas de produción ecolóxica • Diversificación das canles de comercialización mediante a utilización das TICs
SECTOR FORESTAL	• Interese dos propietarios de novos modelos de xestión e

	aproveitamento forestal • Gran potencial do monte para diversos aproveitamentos. • Interese en recuperar a multifuncionalidade do monte. • Efecto demostrativo de experiencias de concentración parcelaria. • Elevada produtividade • Existencia de ferramentas e instrumentos de apoio ó sector e de certificados de calidade • Experiencia e coñecemento do sector e incremento da súa profesionalización • Mellora nos medios de detección e extinción de incendios • Aumento do uso forestal en terreos en desuso, motivado polo abandono agrícola • Implantación de novas tecnoloxías e de proxectos de cooperación entre empresarios
TURISMO	• Riqueza gastronómica con materias primas de elevada calidade • Hospitalidade de destino. • Instalacións de recreo (Aquapark, instalacións deportivas...) rutas de sendeirismo, paraxes naturais. • Situación estratéxica (entre A Coruña e Santiago de Compostela) • Destino non maduro, non explotado turisticamente • Potencialidade turística, enmarcado principalmente na ribeira do Río Tambre e no Camiño Inglés
EMPRESA E INNOVACIÓN	• Existencia dunha estrutura empresarial de carácter endógeno. • Importante carácter emprendedor en gran parte da poboación comarcal. • Diversificación sectorial a nivel de Comarca • Existencia de recursos e programas diversos ao emprendemento, desenvolvemento rural, atención á mulleres, aos maiores, etc. • Existencia de empresas implantadas e de polígonos industriais. • Importante papel do emprego autónomo. • Existencia de tres núcleos dinamizadores (Cerceda, Ordes e Oroso) con elevada actividade económica. • Potencialidade innovadora a nivel comarcal con Pemes con

	produtos innovadores. • Accesibilidade as TICs no entorno urbano.
CULTURA E OCIO	• Referencias patrimoniais de alto valor: arquitectura, etnografía, cultura inmaterial, etc. • Incipiente dinamismo de actividades de voluntariado. • Centros educativos como punto de encontro da comunidade. • Gran número de asociacións, con ampla representación sectorial e territorial. • Valoración positiva das infraestruturas de cultura e ocio
PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO	• Actividade consolidada do GDR ASDECOMOR, con proxectos e estratexia participada. • Éxito de iniciativas de cooperación con outros territorios rurais • Colaboración entre técnicos vinculados ó desenvolvemento do territorio.

OPORTUNIDADES

ÁMBITO	OPORTUNIDADE
TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS	• Incrementar la oferta numero de viviendas de promoción publica • Boas vías de comunicación intercomarcais. • Transporte público cara a cidades • Hospitais e universidades próximos. • Maior grao de implicación da cidadanía na toma de decisións • Desenvolvemento da administración electrónica. • Crecente interese das administracións por mellorar o acceso ás novas tecnoloxías no medio rural. Existencia de tecnoloxías de comunicación adaptadas ó medio rural • Novas tecnoloxías como nicho de emprego no medio rural
CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL	• Cambio de tendencia do éxodo campo – cidade. • Recuperación da poboación e rexuvenecemento pola chegada de inmigrantes. • Mellorar os servizos a mulleres: Centro de información, asistencia xinecolóxica, formación e inserción laboral, casas de acollida.

	• Mellorar a integración dos discapacitados: atención sociosanitaria, programas de apoio a familias, eliminación de barreiras, formación... • Incremento dos recursos por parte do comisionado do plan Galicia sobre drogas • Promover a conciliación da vida laboral, familiar e social. • Incorporación da muller: empoderamento, recoñecemento, participación e toma de decisións. • Retorno de mozos cualificados.
MEDIO AMBIENTE	• Recuperación da capacidade dos ríos para as actividades de pesca e baño. • Maior valoración da responsabilidade ambiental das empresas. • Alta concienciación social respecto á protección do medio e implicación da poboación e das administracións na loita contra o cambio climático e o uso racional dos recursos • Aposta do Programa de Desenvolvemento Rural polas políticas de eficiencia enerxética. • Incremento do valor engadido dos produtos mediante a redución da pegada de carbono. • Redución dos custos de produción aplicando medidas de aforro enerxético
AGRICULTURA E GANDERÍA	• Desenvolver experiencias de Agricultura ecolóxica • Desenvolvemento de cultivos de alto valor engadido. • Comercio de proximidade • Apio á diversificación das actividades agrogandeiras (artesanía, turismo rural, ...) • Importancia do saber facer tradicional • Existencia de programas e proxectos para a innovación • Revalorización e imaxe positiva do medio rural
AGROALIMENTACIÓN	• Aproveita-los baixos custos de transporte da materia prima para a creación de industrias transformadoras • Cambio nas tendencias de consumo alimentario e hábitos de compra: seguridade alimentaria, alimentación saudable, comercio e consumo responsable, consumo produtos de circuíto curto e km0, produtos tradicionais, grupos de consumo. • Potencialidade da marca “Galicia calidade” e posibilidade de crear marca comarcal de produtos

	• Innovación nos produtos e mellora na presentación • Xurdimento de novas canles de comercialización • Fomento do comercio local • Novos mercados e comercio electrónico • Existencia de programas europeos
SECTOR FORESTAL	• Certificación da madeira • Poxas de madeira e lonxas virtuais • Aproveitamento sostible e moderado da biomasa • Planificación forestal de especies autóctonas • Posibilidades da concentración parcelaria e das SOFOR • Aproveitamento de recursos forestais (recolección froitos do bosque, caza, pesca)
TURISMO	• Posibilidade de atraer visitantes das cidades de A Coruña e Santiago (focos turísticos de gran importancia) • Mellora das comunicacións • Interese institucional polo sector • Potenciación do turismo rural empregando e recuperando os recursos naturais • Novas tendencias do turismo, que permitirían un mellor posicionamento: eco turismo, deportivo, responsable, rural, etc.
EMPRESA E INNOVACIÓN	• Perspectivas de saída da actual situación económica e financeira. • Novo marco de programación europea: Estrategia Europa 2020. • Actuación dos diversos fondos europeos a través da converxencia da comarca. • Posibilidade de atraer empresas pola existencia de solo industrial, boas comunicación e tecido empresarial. • Satisfacción da demanda de diversidade de produtos dentro da Comarca. • Transferencia de coñecementos, experiencias, I+D+i • Maior recoñecemento social do auto emprego • Existencia de TICs que facilitan a formación (formación online) • Posibilidade de cooperación entre pemes de distintos sectores e apoio institucional á creación de consorcios, joint venture, etc. • Existencia de axudas para a promoción e o investimento a nivel

	rexional e nacional. Rexurdimento da financiación bancaria ás empresas. • Uso das novas tecnoloxías da información na produción, xestión e comercialización • Emprego das TICs para os trámites coa administración e para reducir custos empresariais de marketing e comercialización. • Novos mercados emerxentes e potencialidades para o comercio online.
CULTURA E OCIO	• Redes sociais como novas ferramentas de comunicación e participación. • Interese en recuperar os recursos patrimoniais • Programas europeos de cooperación para a conservación do patrimonio rural.
PARTICIPACIÓN E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO	• Posibilidades de colaboración e cooperación entre Grupos de Acción Local a diferentes niveis • Nova estratexia de desenvolvemento rural para a comarca

III.2 NECESIDADES DETECTADAS (ANÁLISE CAME)

INTRODUCCIÓN

Os obxectivos da Estrategia de Desenvolvemento Local Participativo defínense seguindo un marco lóxico de intervención no que, a partir do diagnóstico realizado coa participación pública, determínase un total de 95 necesidades do territorio, nas diferentes áreas sectoriais e transversais diagnosticadas

A formulación das necesidades leva a cabo dando resposta á pregunta ¿QUE SE NECESITA? para corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, manter as fortalezas e explotar as potencialidades que se relacionan a través da matriz CAME.

Esta metodoloxía, coñecida como CAME, permite ademais definir as estratexias con diferente orientación:

				DAFO	
				Ameazas ↓	Oportunidades ↓
		CAME		Afrontar ↓	Explotar ↓
DAFO	Debilidades →	Corrixir →	Estratexia de supervivencia	Estratexia de reorientación	
	Fortalezas →	Manter →	Estratexia de defensa	Estratexia de posicionamento	

Cada unha das necesidades definidas con este método, aínda que estea orientada cara a unha destas tipoloxías de estratexia, non responden de forma “pura” a unha única delas. Todas as necesidades contribúen, en maior ou menor medida a corrixir, afrontar, manter e explotar unha ou varias debilidades, ameazas, fortalezas e potencialidades.

Tamén se inclúe información detallada sobre as obxectivos e prioridades do desenvolvemento rural na U.E. fixados no regulamento FEADER, nos que se enmarcan as necesidades detectadas, tendo en conta que cada unha delas pode responder a máis dun obxectivo:

- ✓ 58 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 1 “fomentar a transferencia de coñecementos e innovación nos sectores

agrario e forestal e nas zonas rurais”.

- ✓ 42 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 2 “mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a competitividade de todos os tipos de agricultura en todas as rexións, e promover as tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sustentable”.
- ✓ 30 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 3 “fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e comercialización dos produtos agrarios, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrarios”
- ✓ 21 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 4 “restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura”.
- ✓ 27 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 5 “promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal”.
- ✓ 83 necesidades están relacionadas con algunha/s das prioridades de desenvolvemento rural do obxectivo 6 “fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rural”.
- ✓ 63 necesidades están relacionadas con algún dos obxectivos transversais de desenvolvemento rural (innovación, medio ambiente e cambio climático).

NECESIDADES DETECTADAS

N.1.- Actividade agrogandeira

N1.1. Formación para a incorporación e modernización á actividade agrogandeira, adecuada ás necesidades e cambios do sector

N1.2. Estruturas de apoio e asesoría técnica para o sector agrogandeiro.

N1.3. Programas de Investigación, desenvolvemento e innovación directamente vinculados ás necesidades do sector agrogandeiro, con comunicación de resultados

N1.4. Reorganización da superficie territorial das explotacións agrarias.

N1.5. Diversificación das explotacións agrogandeiras con inclusión doutras actividades do sector agrogandeiro e doutros sectores.

N1.6. Aplicación da investigación e a innovación no desenvolvemento do sector agrogandeiro con efecto demostrativo.

N1.7. Revalorización do medio rural, as actividades do sector agrogandeiro e as súas producións

N1.8. Desenvolvemento de canles curtas de comercialización de produtos agrarios e promoción de centros de produción agraria de venda directa ó consumidor.

N1.9. Actividades de transformación ligadas á propia explotación agraria

N1.10. Agrupación de produtores agrogandeiros con fins comerciais

N1.11. Fomento das producións ecolóxicas

N1.12. Implantación de distintivos territoriais para determinadas producións agrarias (grellos, mel, ..)

N1.13. Conexión da zona rural a Internet e implantación de Tics na xestión das explotacións agrarias

N1.14. Mellora da eficacia na implantación de sistemas de aforro enerxético nas explotacións agrarias

N1.15 Incentivar a seguridade e benestar animal, como axudas para limpeza de naves, habilitación de espazo público para reses en mal estado de saúde.

N1.16 Promover a consideración da apicultura como actividade gandeira promovendo axudas específicas para o sector, ordenación, regulación e profesionalización

N.2.- Actividade forestal

N2.1. Ordenación da propiedade do monte, a nivel de localización física das parcelas e deslindes, así como a identificación dos titulares.

N2.2. Planificación forestal a medio e longo prazo co desenvolvemento de plans de xestión e concentración parcelaria. Promoción das SOFOR

N2.3. Desenvolvemento de plans de prevención e loita contra incendios

N2.4. Loita contra os problemas fitosanitarios que afectan o bosque

N2.5. Infraestruturas adecuadas para a explotación forestal (accesos e áreas para provisións, cargas e descargas)

N2.6. Aproveitamento das especies autóctonas: silvicultura e plans de difusión

N2.7. Diversificación da actividade forestal a través do aproveitamento da biomasa, a recolección de froitos do bosque, micoloxía, plantas medicinais e outras actividades (caza e pesca)

N2.8. Traballadores sector forestal cualificados e con alto grao de profesionalización. Plans de Emprego forestais e de formación en xestión e manexo forestal

N2.9. Cambio de mentalidade do empresario forestal respecto das vantaxes da I+D+i,

N2.10. Cooperación e colaboración entre empresas, produtores e/ou propietarios forestais

N2.11. Desenvolvemento das Tics no sector forestal

N2.12. Apoio financeiro ao investimento no sector forestal e primeira transformación da madeira.

N2.13 Creación dun centro loxístico para a produción madeireira e dun centro de aproveitamento de biomasa (District Heating)

N.3.- Actividade agroalimentaria

N3.1 Incremento do número de empresas transformadoras aproveitando o efecto que ten a actividade agroalimentaria sobre a produción primaria e modernización e ampliación da existentes.

N3.2. Acceso a novos produtos, novos mercados e novas fórmulas de venda dos produtos agroalimentarios.

N3.3. Desenvolvemento das Tics na industrias agroalimentarias

N3.4. Promoción e difusión da produción agroalimentaria das pequenas empresas locais

N3.5. Cooperación e colaboración entre as empresas agroalimentarias. Promover a constitución de cooperativas de produtos agroalimentarios.

N3.6. Profesionalización e cualificación dos traballadores da industria agroalimentaria.

N3.7. Cambio de mentalidade empresarial respecto da I+D+i agroalimentaria. Implantación de programas de innovación na industria agroalimentaria

N3.8 Promover a formación e adquisición de novas competencias no sector agroalimentario.

N3.9 Dotación de chan industrial para instalación de empresas agroalimentarias

N3.10 Desenvolver unha estratexia ao redor da apicultura: información, formación e promoción, para o mel da zona e centro de envasado.

N3.11 Promover accións directas para a comercialización de produtos do sector cárnico e os seus produtos: Creación dunha sala de despezamento e transformación.

N.4.- Actividade turística

N4.1. Traballadores do sector turístico con maior cualificación e grao de profesionalización.

N4.2. Oferta de aloxamento, restauración cuantitativa e cualitativamente adaptada á demanda

N4.3. Cooperación e colaboración entre as empresas do sector turístico para a defensa conxunta das súas necesidades.

N4.4. Valorización de recursos de atracción masiva e singulares: camiño inglés de Santiago

N4.5. Reforzo da protección ambiental con fins turísticos

N4.6. Vixilancia e regulación da oferta ilegal de aloxamentos

N4.7. Diversificación da oferta de turismo activo e implantación de turismo de experiencias

N4.8. Apoiar a promoción turística comarcal.

N4.9. Coordinación entre os sectores de: aloxamento/restauración/hostalería/comercio

N4.10 Mellorar a accesibilidade a Internet en localidades con empresas de turismo rural..

N4.11 Apoiar a renovación do equipamento e instalacións dos aloxamentos existentes, a mellora da contorna, apoio á eficiencia enerxética (sistemas de calefacción, de iluminación, etc.), apoio á implantación de novas tecnoloxías (equipamento informático, programas de xestión, páxina web, banco de fotografías, etc.), apoio a actividades vinculadas ao turismo e complementarias.

N.5.- Empresa e innovación

N5.1. Formación para o emprego programada desde o propio territorio, adaptada as características do medio rural e as necesidades das empresas rurais. Promover formación vinculadas a novos xacementos de emprego. Promover accións formativas para estímulo da iniciativa empresarial.

N5.2. Capacitación en materia de xestión empresarial. Orientación do emprendedor e fomento do emprendemento en ciclos formativos de Primaria, Secundaria e Bacharelato.

N5.3. Innovación nas fórmulas de capacitación de empresarios e traballadores.

N5.4. Achegamento entre empresas e instrumentos de promoción empresarial

N5.5. Alianzas empresariais sectoriais e transversais, para o desenvolvemento de accións comúns. Fomentar as redes de cooperación entre sectores empresariais.

N5.6. Utilización da investigación e a innovación no desenvolvemento empresarial con efecto demostrativo e carácter piloto.

N5.7 Redución do custo enerxético na empresa e a administración e inclusión da eficiencia enerxética na xestión habitual da empresa.

N5.8. Conexión da zona rural a Internet, especialmente nos concellos máis rurais

N5.9. Implantación de Tics na empresa e a administración. Adaptación da informatización da empresa ás súas necesidades reais.

N5.10. Reducir a carga burocrática: simplificación de trámites e flexibilización da normativa de aplicación.

N.6.- Territorio, infraestruturas e comunicacións

N6.1. Uso do chan acorde coas súas características agroecolóxicas e o seu potencial produtivo. Dotar de chan industrial para a instalación de novas empresas nos municipios máis rurais

N6.2. Identificación dos sistemas e prácticas agrarias tradicionais e de alto valor natural na comarca

N6.3. Recoñecemento social do valor os recursos naturais da comarca

N6.4. Infraestruturas básicas adaptadas ó territorio

N6.5. Resposta ás demandas en infraestruturas de comunicación.

N6.6 Apoiar os programas de atención aos maiores, sobre todo nas zonas máis rurais.

N6.7 Incentivar e promover a eliminación de barreiras arquitectónicas.

N.7.- Medio ambiente

N7.1. Información sobre o tratamento de residuos e a utilización dos recursos naturais.

N7.2. Espazos naturais dotados dunha planificación e xestión sustentable.

N7.3. Loita contra a erosión e os incendios de grandes dimensións.

N7.4. Cultivos e actividades tradicionais adaptadas ás condicións do medio.

N7.5. Apoiar ás empresas con compromisos sociais e ambientais.

N7.6 Potenciar o aproveitamento dos recursos hídricos: ríos como motor de desenvolvemento.

N7.7 Estimular a instalación de planta de biomasa e centro de calor.

N7.8 Promover axudas a empresas e institucións para accións de eficiencia enerxética

N.8 Contexto demográfico, laboral e social

N8.1. Redución da sangría demográfica, especialmente das zonas rurais da comarca.

N8.2. Substitución xeracional da zona rural

N8.3. Acceso a servizos na zona rural máis desfavorecida en igualdade de condicións que as zonas urbanas.

N8.4. Axuste entre a demanda e a oferta laboral.

N8.5. Tecido empresarial máis produtivo e diversificado no sector servizos e industrial

N8.6 Desenvolver un programa formativo para mozos e colectivos con dificultades de inserción, orientado a actividades tradicionais, recursos da zona e demandas do mercado de traballo.

N8.7 Emprego consolidado en sectores non vinculados co primario

N8.8 Estimular un programa de bolsas e/ou prácticas para mozas.

N.9.- Participación social e xestión do desenvolvemento

N9.1. Maior participación da sociedade civil na xestión do desenvolvemento. Promover accións de dinamización para entidades asociativas.

N9.2. Comunicación e difusión das estratexias e accións de desenvolvemento rural

N9.3. Suficiente financiamento público dos recursos para o desenvolvemento

N9.4. Grupo de Acción Local dimensionado e formado de acordo coas necesidades de desenvolvemento.

N9.5. Acción coordinada dos diferentes recursos para o desenvolvemento rural. Aplicación do multifondo

N9.6 Dotar de puntos de encontro e reunión de asociacións nos núcleos rurais.

N9.7. Cooperación con outros territorios eficaz e articulada ao redor de necesidades

N.10.- Cultura e ocio

N10.1. Incentivar a rehabilitación e mantemento de patrimonio etnográfico.

N10.2 Apoiar as accións de recuperación de coñecementos tradicionais (ex. Xogos tradicionais, tradicións gastronómicas, saber facer as mulleres rurais, etc.).

N10.3 Patrimonio cultural aproveitado con fins turísticos

N10.4 Equipamentos de lecer e culturais en zonas rurais

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		1			2		3		4			5					6			Transversal		
		a			a		a		a			a					a			Innov		
		b	c		b		b		b	c		b	c	d	e		b	c		MA	CC	
NECESIDADES																						
N1.1	Formación para a incorporación e modernización á actividade agrogandeira, adecuada ás necesidades e cambios do sector	•		•																•	•	•
N1.2	Estruturas de apoio e asesoría técnica para o sector agrogandeiro.	•		•																•	•	•
N1.3	Programas de Investigación, desenvolvemento e innovación directamente vinculados ás necesidades do sector agrogandeiro, con comunicación de resultados	•	•																	•	•	•
N1.4	Reorganización da superficie territorial das explotacións agrarias				•				•	•										•		
N1.5	Diversificación das explotacións agrogandeiras con inclusión doutras actividades do sector agrogandeiro e doutros sectores.	•				•										•		•	•			
N1.6	Aplicación da investigación e a innovación no desenvolvemento do sector agrogandeiro con efecto demostrativo.	•	•																	•	•	•
N1.7	Revalorización do medio rural, as actividades do sector agrogandeiro e as súas producións					•											•			•		
N1.8	Desenvolvemento de canles curtas de comercialización de produtos agrarios e promoción de centros de produción agraria de venda directa ó consumidor						•											•	•			
N1.9	Actividades de transformación ligadas á propia explotación agraria				•												•	•	•			
N1.10	Agrupación de produtores agrogandeiros con fins comerciais						•											•	•			
N1.11	Fomento das producións ecolóxicas						•				•								•	•	•	
N1.12	Implantación de distintivos territoriais para determinadas producións agrarias (grellos, mel, ..)						•				•									•		
N1.13	Conexión da zona rural a Internet e implantación de Tics na xestión das explotacións agrarias	•																•				
N1.14	Mellora da eficacia na implantación de sistemas de aforro enerxético nas explotacións agrarias											•	•	•					•	•	•	
N1.15	Incentivar a seguridade e benestar animal, como axudas para limpeza de naves, habilitación de espazo público para reses en mal estado de saúde.				•															•		
N1.16	Promover a consideración da apicultura como actividade gandeira promovendo axudas específicas para o sector, ordenación, regulación e profesionalización	•			•	•	•		•							•			•	•	•	

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

Prioridades		1			2		3		4			5					6			Transversal		
Ámbitos		a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
NECESIDADES																						
N2.1	Ordenación da propiedade do monte, a nivel de localización física das parcelas e deslindes, así como a identificación dos titulares	•			•									•				•			•	
N2.2	Planificación forestal a medio e longo prazo co desenvolvemento de plans de xestión e concentración parcelaria. Promoción das SOFOR	•			•			•	•		•					•	•	•			•	•
N2.3	Desenvolvemento de plans de prevención e loita contra incendios	•			•			•			•					•	•	•			•	•
N2.4	Loita contra os problemas fitosanitarios que afectan o bosque	•			•			•	•		•						•	•			•	
N2.5	Infraestruturas adecuadas para a explotación forestal (accesos e áreas para provisións, cargas e descargas)				•			•	•								•					
N2.6	Aproveitamento das especies autóctonas: silvicultura e plans de difusión				•			•			•							•			•	
N2.7	Diversificación da actividade forestal a través do aproveitamento da biomasa, a recolección de froitos do bosque, micoloxía, plantas medicinais e outras actividades (caza e pesca)	•		•				•	•		•			•		•	•	•			•	
N2.8	Traballadores sector forestal cualificados e con alto grao de profesionalización. Plans de Emprego forestais e de formación en xestión e manexo forestal	•	•	•	•	•			•								•	•				
N2.9	Cambio de mentalidade do empresario forestal respecto das vantaxes da I+D+I.	•				•								•		•				•		
N2.10	Cooperación e colaboración entre empresas, produtores e/ou propietarios forestais	•	•	•	•									•			•	•		•		
N2.11	Desenvolvemento das Tics no sector forestal													•			•	•	•	•	•	
N2.12	Apoio financeiro ao investimento no sector forestal e primeira transformación da madeira	•	•		•									•		•	•	•				
N2.13	Creación dun centro loxístico para a produción madeireira e dun centro de aproveitamento de biomasa (District Heating)	•	•		•									•		•	•	•		•	•	•

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

Necesidades		Prioridades		1			2		3		4			5					6			Transversal		
				Ámbitos																				
		a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC		
N3.1	Incremento do número de empresas transformadoras aproveitando o efecto que ten a actividade agroalimentaria sobre a produción primaria e modernización e ampliación da existentes.	•			•		•									•								
N3.2	Acceso a novos produtos, novos mercados e novas fórmulas de venda dos produtos agroalimentarios	•	•		•		•									•	•		•	•	•			
N3.3	Desenvolvemento das Tics na industrias agroalimentarias				•		•											•	•					
N3.4	Promoción e difusión da produción agroalimentaria das pequenas empresas locais				•		•									•								
N3.5	Cooperación e colaboración entre as empresas agroalimentarias. Promover a constitución de cooperativas de produtos agroalimentarios	•	•				•									•			•					
N3.6	Profesionalización e cualificación dos traballadores da industria agroalimentaria.			•		•	•									•	•							
N3.7	Cambio de mentalidade empresarial respecto da I+D+i agroalimentaria. Implantación de programas de innovación na industria agroalimentaria	•	•				•									•	•							
N3.8	Promover a formación e adquisición de novas competencias no sector agroalimentario	•	•				•									•			•					
N3.9	Dotación de chan industrial para instalación de empresas agroalimentarias	•	•				•					•					•		•	•	•			
N3.10	Desenvolver unha estratexia ao redor da apicultura: información, formación e promoción, para o mel da zona e centro de envasado	•			•	•	•		•							•	•		•					
N3.11	Promover accións directas para a comercialización de produtos do sector cárnico e os seus produtos: Creación dunha sala de despezamento e transformación.	•	•		•		•					•				•	•		•					

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

NECESIDADES		Prioridades		Ámbitos		1			2		3		4			5					6			Transversal		
						a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
		a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC				
N4.1	Traballadores do sector turístico con maior cualificación e grao de profesionalización	●														●	●									
N4.2	Oferta de aloxamento, restauración cuantitativa e cualitativamente adaptada á demanda				●											●	●									
N4.3	Cooperación e colaboración entre as empresas do sector turístico para a defensa conxunta das súas necesidades.	●	●													●	●		●							
N4.4	Valorización de recursos de atracción masiva e singulares: camiño inglés de Santiago															●	●	●		●						
N4.5	Reforzo da protección ambiental con fins turísticos			●				●	●		●			●		●	●			●						
N4.6	Vixilancia e regulación da oferta ilegal de aloxamentos															●	●									
N4.7	Diversificación da oferta de turismo activo e implantación de turismo de experiencias															●	●									
N4.8	Apoiar a promoción turística comarcal.															●	●	●	●							
N4.9	Coordinación entre os sectores de: aloxamento/restauración/hostalería/comercio	●	●													●	●		●							
N4.10	Mellorar a accesibilidade a Internet en localidades con empresas de turismo rural..	●					●											●	●							
N4.11	Apoiar a renovación do equipamento e instalacións dos aloxamentos existentes, a mellora da contorna, apoio á eficiencia enerxética (sistemas de calefacción, de iluminación, etc.), apoio á implantación de novas tecnoloxías (equipamento informático, programas de xestión, páxina web, banco de fotografías, etc.), apoio a actividades vinculadas ao turismo e complementarias.															●	●	●	●	●	●	●				

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades		1			2		3		4			5					6			Transversal		
		Ámbitos		a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
NECESIDADES																								
N5.1	Formación para o emprego programada desde o propio territorio, adaptada as características do medio rural e as necesidades das empresas rurais. Promover formación vinculadas a novos xacementos de emprego e como estímulo da iniciativa empresarial.			•	•			•												•	•			
N5.2	Capacitación en materia de xestión empresarial. Orientación do emprendedor e fomento do emprendemento en ciclos formativos de Primaria, Secundaria e Bacharelato.				•			•												•	•	•		
N5.3	Innovación nas fórmulas de capacitación de empresarios e traballadores.	•			•			•													•	•	•	
N5.4	Achegamento entre empresas e instrumentos de promoción empresarial	•					•		•							•				•	•	•		
N5.5	Alianzas empresariais sectoriais e transversais, para o desenvolvemento de accións comúns. Fomentar as redes de cooperación entre sectores empresariais.	•	•				•		•											•	•		•	
N5.6	Utilización da investigación e a innovación no desenvolvemento empresarial con efecto demostrativo e carácter piloto.	•					•		•											•			•	
N5.7	Redución do custo enerxético na empresa e a administración e inclusión da eficiencia enerxética na xestión habitual da empresa.	•					•								•	•	•	•					•	•
N5.8	Conexión da zona rural a Internet, especialmente nos concellos máis rurais				•		•		•											•		•	•	
N5.9	Implantación de Tics na empresa e a administración. Adaptación da informatización da empresa ás súas necesidades reais.				•		•		•											•		•	•	
N5.10	Reducir a carga burocrática: simplificación de trámites e flexibilización da normativa de aplicación	•					•		•											•	•		•	

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades			1			2		3		4			5					6			Transversal		
		Ámbitos			a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
NECESIDADES																									
N6.1	Uso do chan acorde coas súas características agroecolóxicas e o seu potencial produtivo. Dotar de chan industrial para a instalación de novas empresas nos municipios máis rurais							•		•	•	•		•		•		•	•					•	
N6.2	Identificación dos sistemas e prácticas agrarias tradicionais e de alto valor natural na comarca																							•	
N6.3	Recoñecemento social do valor os recursos naturais da comarca											•	•	•	•	•	•				•			•	
N6.4	Infraestruturas básicas adaptadas ó territorio											•	•	•	•					•	•	•			
N6.5	Resposta ás demandas en infraestruturas de comunicación.							•				•								•	•	•			
N6.6	Apoiar os programas de atención aos maiores, sobre todo nas zonas máis rurais.																			•	•				
N6.7	Incentivar e promover a eliminación de barreiras arquitectónicas.																			•	•				

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades			1			2		3		4			5					6			Transversal		
		Ámbitos			a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
NECESIDADES																									
N7.1	Información sobre o tratamento de residuos e a utilización dos recursos naturais.											•	•	•	•			•			•			•	
N7.2	Espazos naturais dotados dunha planificación e xestión sustentable.											•	•	•	•	•	•	•	•		•			•	•
N7.3	Loita contra a erosión e os incendios de grandes dimensións.											•		•				•			•			•	•
N7.4	Cultivos e actividades tradicionais adaptadas ás condicións do medio	•		•	•							•							•	•	•			•	
N7.5	Apoiar ás empresas con compromisos sociais e ambientais.	•															•			•	•		•	•	•
N7.6	Potenciar o aproveitamento dos recursos hídricos: ríos como motor de desenvolvemento.											•	•		•					•	•			•	
N7.7	Estimular a instalación de planta de biomasa e centro de calor.	•															•			•	•	•	•	•	•
N7.8	Promover axudas a empresas e institucións para accións de eficiencia enerxética																			•	•		•	•	•

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades															6			Transversal					
		1			2		3		4			5													
		Ámbitos			a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
NECESIDADES																									
N8.1	Redución da sangría demográfica, especialmente das zonas rurais da comarca						•													•	•	•			
N8.2	Substitución xeracional da zona rural			•		•															•	•			
N8.3	Acceso a servizos na zona rural máis desfavorecida en igualdade de condicións que as zonas urbanas																				•	•			
N8.4	Axuste entre a demanda e a oferta laboral.			•		•														•	•	•			
N8.5	Tecido empresarial máis produtivo e diversificado no sector servizos e industrial	•																		•	•	•			
N8.6	Desenvolver un programa formativo para mozos e colectivos con dificultades de inserción, orientado a actividades tradicionais, recursos da zona e demandas do mercado de traballo.	•																		•	•	•	•		
N8.7	Emprego consolidado en sectores non vinculados co primario	•																		•	•	•	•		
N8.8	Estimular un programa de bolsas e/ou prácticas para mozas	•																		•	•	•	•		

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades			1		2		3		4			5					6			Transversal				
		Ámbitos			a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC	
NECESIDADES																										
N.9.1	Mayor participación da sociedade civil na xestión do desenvolvemento. Promoción de accións de dinamización para entidades asociativas	•																		•			•			
N.9.2	Comunicación e difusión das estratexias e accións de desenvolvemento rural		•																		•					
N.9.3	Suficiente financiamento público dos recursos para o desenvolvemento			•																•	•					
N.9.4	Grupo de Acción Local dimensionado e formado de acordo coas necesidades de desenvolvemento.																			•	•					
N.9.5	Acción coordinada dos diferentes recursos para o desenvolvemento rural. Aplicación do multifondo		•																	•	•					
N.9.6	Dotar de puntos de encontro e reunión de asociacións nos núcleos rurais.	•	•																	•	•		•			
N.9.7	Cooperación con outros territorios eficaz e articulada ao redor de necesidades	•	•																		•		•			

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

		Prioridades			1			2		3		4			5					6			Transversal		
					Ámbitos			a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c
NECESIDADES					a	b	c	a	b	a	b	a	b	c	a	b	c	d	e	a	b	c	Innov	MA	CC
N.10.1	Incentivar a rehabilitación e mantemento de patrimonio etnográfico.									•									•	•					
N.10.2	Apoiar as accións de recuperación de coñecementos tradicionais (ex. Xogos tradicionais, tradicións gastronómicas, saber facer as mulleres rurais, etc.).	•								•									•	•					
N.10.3	Patrimonio cultural aproveitado con fins turísticos	•																	•	•					
N.10.4	Equipamentos de lecer e culturais en zonas rurais																		•	•					

III.3 DESCRIPCIÓN DA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO: OBXECTIVOS

XUSTIFICACION

Do proceso de análise e consulta, unha vez seleccionadas e priorizadas as **necesidades**, despréndense os **obxectivos de desenvolvemento** do territorio e o **enfoque/programa** sobre o que traballar. Logo, perfílanse as **OPERACIÓNS** que tratarán de dar resposta ás necesidades, definindo o que chamaremos **PLAN DE ACCIÓN**, parte executiva da estratexia.

1. *ANÁLISE TERRITORIAL + D.A.F.O./C.A.M.E.*
2. *PRIORIZACIÓN DE NECESIDADES*
3. *ADAPTACIÓNS ÁS MEDIDAS DO REGULAMENTO 808*
4. *DEFINICIÓNS DE OBXECTIVOS*
5. *CONCRECIÓN DE OPERACIÓNS SUBVENCIONABLES*
6. *DEFINICIÓN DE TIPOLOXÍA DE PROXECTOS*

A característica mais significativa desta Comarca é a súa ruralidade territorial e social, polo que o desenvolvemento rural cobra unha importancia específica para facer fronte os desequilibrios internos pola concentración do crecemento en áreas metropolitanas e o abandono, que sofre o resto do territorio. A loita contra a perda continua da poboación nos Concellos rurais, e a necesidade de recuperar actividades de altos valores naturais e culturais asociados, debe definir o eixo da estratexia. Para elo deben combinarse varios elementos que repercutan no crecemento económico e benestar social baseándonos na posta en valor dos recursos endóxeos preservándoos a longo prazo

Trátase de Implantar unha estratexia participada por parte da poboación que sitúe a nosa comarca como territorio para vivir, traballar e que:

- Aposte polo mantemento e **calidade de vida** dos seus pobos e habitantes, reducindo o déficit de oportunidades das zonas rurais cos respecto do mundo urbano, atendendo á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.
- Procure o **dinamismo empresarial e a xeración de oportunidades de emprego**, sustentado na multifuncionalidade económica coa consolidación de sectores tradicionais e a aposta por actividades que diversifiquen á economía rural
- Posibilite o **mantemento, conservación e recuperación do patrimonio** cultural, histórico, arquitectónico e medioambiental, a súa valoración e aproveitamento sostible.

A innovación, o medio ambiente, o cambio climático e a igualdade de oportunidades son obxectivos transversais aplicados a tódolos puntos do programa, así como a integración e incorporación de colectivos con distintos graos de disfuncionalidade.

A Estratexia de Desenvolvemento Local plasmada no PDR deste territorio afronta os seguintes retos prioritarios:

- Creación de emprego, atendendo as necesidades dos sectores tradicionais agrícola,

gandeiro e forestal, así como o apoio a PEMES noutras actividades para diversificar a economía rural, facilitando á formación, a innovación e aos emprendedores.

- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación, do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medioambiental e a súa valorización.
- Mellora dos servizos públicos e da calidade de vida, que axude a diminuír o déficit de oportunidades respecto do medio urbano , con especial atención á poboación desfavorecida ou en risco de exclusión.

As prioridades deste programa para co territorio son as seguintes:

1. Fomento da innovación, ca cooperación e o desenvolvemento do coñecemento no territorio.
2. Conservación y revalorización do patrimonio natural.
3. Contribuír á xeración de rendas dignas para os habitantes da comarca.
4. Creación e consolidación de emprego a través da diversificación da actividade económica e da creación de novas empresas.
5. Mellora de servizos para a economía e a poboación rural que contribúan a mellora das condicións de vida das áreas rurais respecto as áreas urbanas.
6. Innovación tecnolóxica, medio ambiente e cambio climático
7. Mellora da gobernanza nas zonas rurais.
8. Incremento do valor engadido das cadeas agroalimentaria e forestais, mediante o fomento de producións de calidade e do pechamento dos ciclos produtivos, e a aposta pola agricultura ecolóxica e polas pequenas explotacións con actividade a tempo parcial.
9. Fomento da igualdade e a integración social.

OBXECTIVOS

Os resultados extraídos da análise CAME permiten enunciarse os obxectivos da estratexia (e que á súa vez se materializarán a través das operacións que contemple o plan de acción).

Definíronse 6 obxectivos estruturais (xerais) que agrupan 15 obxectivos instrumentais (específicos). Asemade defínense 4 obxectivos horizontais.

Hai que ter en conta que non todos os obxectivos poderanse alcanzar plenamente coas limitacións (normativas, financeiras, etc.) que ten o Eixo Leader como ferramenta para afrontar as necesidades do medio rural. Se parte da premisa de que este programa (e por tanto a EDLP) é un instrumento que se suma a outros recursos e ferramentas doutros ámbitos nunha estratexia integrada que tamén contribuirán á consecución dos obxectivos expostos

A definición da estratexia complétase con información sobre a súa **integración** (sectorial, territorial e administrativa), o seu carácter **innovador** desde diferentes perspectivas, a **coherencia** con outros programas e axudas, a súa **implementación** e a súa achega a **obxectivos horizontais** como a igualdade de oportunidades, a sustentabilidade ambiental, a innovación, o cambio climático e a

cooperación.

A determinación dos obxectivos finais e intermedios do PDR da Comarca de Ordes baséase nas directrices comunitarias e estatais e no propio PDR de Galicia para o período 2014-2020.

OBXECTIVOS ESTRUCTURAIS (XERAIS)

- O1. Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio, a súa empregabilidade e capacidade de emprendemento
- O2. Diversificación económica e creación de emprego
- O3. Aumento da competitividade do sector agroalimentaria e forestal
- O4. Mellora da calidade de vida da poboación a través da creación e renovación dos servizos, equipamentos e infraestruturas.
- O5. Conservación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural e cultural.
- O6. Mellora da gobernanza e da participación social.

OBXECTIVOS HORIZONTAIS

OH 1. Innovación.

OH 2. Medio Ambiente e cambio climático.

OH3. Igualdade de oportunidades

OH4. Cooperación

O1. MELLORA DA CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS DO TERRITORIO, A SÚA EMPREGABILIDADE E CAPACIDADE DE EMPRENDEMENTO

Xustificación. A deficiente oferta formativa, centralizada no centro rexional, xunto coas demandas de mellora da profesionalidade no tecido empresarial e o déficit de cualificación da poboación máis afectada polo desemprego orientan este primeiro obxectivo cara á formación e cualificación. Máxime nun contexto de globalización, onde o coñecemento, a adaptación e a especialización marcan a competitividade de empresas e territorios. Formación especializada, adaptada ás necesidades reais das Pemes e do mercado de traballo; e orientación cara a potenciais xacemento emprego, fundamentados nas oportunidades e recursos locais; sen esquecer a transferencia, tanto interna como externa de coñecementos tradicionais e innovadores.

A innovación e a investigación, do mesmo xeito que a oferta formativa, quedou focalizada fóra das áreas rurais, carecendo de adecuadas ferramentas de transferencia de información e coñecemento a un tecido empresarial interesado no cambio, a innovación e a profesionalidade. Transferencia de coñecemento que en poucas ocasións alcanza aos efectivos rurais, constituíndo un obstáculo para a competitividade empresarial, a eficiencia agraria e a diversificación rural.

Este dobre afastamento ten consecuencias no desenvolvemento do capital humano da comarca, que se agravan cando se engaden outras dificultades do contexto territorial, postas de manifesto no diagnóstico: problemas de conectividade e acceso ás novas tecnoloxías da información e a comunicación; de adaptación ás novas demandas e necesidades dun sector primario que debe afrontar un cambio de modelo; de apoio á iniciativa empresarial en novos nichos de mercado; de apoio e orientación técnica especializada

Orientación. As operacións que se apliquen deben relacionarse coa transferencia de coñecemento, a investigación aplicada e demostrativa, a oferta formativa adaptada ás necesidades locais e ás tendencias de futuro, sen menoscabo da programación de actividades e servizos de asesoramento e dinamización da poboación local, creando unha actitude proactiva cara ao emprendemento e o desenvolvemento rural.

O uso de novas tecnoloxías da comunicación e a información podería facilitar a consecución deste obxectivo, aínda que non ha de constituír o único medio ou recurso a empregar, pois a formación práctica, presencial ou sobre o terreo reviste para determinados contidos un carácter insubstituíble.

01.1. Mellorar a cualificación empresarial e potenciar a cultura emprendedora

Aínda que a base do coñecemento, o nivel formativo e a cualificación e profesionalización do tecido empresarial reflicte un progresivo incremento (con independencia do ámbito sectorial que se trate) obsérvanse carencias ou necesidades de cualificación específica en determinadas áreas, (comercialización, incorporación de innovación, esixencias sanitarias, trazabilidade ..) que son consecuencia das novas demandas normativas, as evolucións tecnolóxicas e os cambios nas tendencias de mercado.

Do mesmo xeito, o fomento dunha cultura empresarial sólida a través de programas de orientación ao emprendedor, reducirá as consecuencias negativas que ten o “efecto chamada” do auto emprego no colectivo de desempregados e que provoca a creación de Pemes conxunturais non viables e dotará ós empresarios ou emprendedores locais das ferramentas de xestión necesarias para o desenvolvemento da súa iniciativa.

01.2. Implementar estruturas de asesoramento técnico específicas para as empresas rurais.

O conxunto do tecido produtivo local adoece dunha ausencia ou insuficiencia de figuras de asesoramento técnico específico, necesarias para o desenvolvemento empresarial en ámbitos como a implantación de sistemas de aforro enerxético, a xestión de residuos, o deseño de accións de promoción e comercialización ou a incorporación de novas tecnoloxías á xestión empresarial. A carencia de asesoramento técnico profesionalizado obsérvase tamén, dimensionada á súa natureza non produtiva, nas entidades ou administracións locais, en ámbitos como a orientación para a implantación de sistemas de aforro enerxético.

No marco deste obxectivo ten cabida non só o desenvolvemento de novas estruturas de apoio, senón tamén o reforzo das existentes e a difusión e coñecemento entre os potenciais beneficiarios

ou destinatario acerca dos instrumentos de apoio á xestión empresarial que actualmente interveñen na Comarca de Ordes.

01.3. Potenciar a investigación e innovación e a transferencia de coñecementos.

A implementación de accións de I+D+i nas empresas manifestouse como unha necesidade en todos os sectores económicos do territorio. Trátase de realizar programas, actividades e procesos de investigación desenvolvo e innovación que contribúan á diversificación, modernización, mellora da produtividade das actividades produtivas rurais, pero sobre todo, trátase tamén de garantir a adecuada transferencia dos coñecementos e os resultados da investigación, para que realmente sexan aplicables en a empresa e xeren innovación. Os proxectos piloto de carácter demostrativo e transferible son unha ferramenta que posibilita a consecución deste obxectivo.

02. DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA E CREACIÓN DE EMPREGO

Xustificación. O emprego, tanto pola súa precariedade como a carencia do mesmo, constitúen unha das ameazadas para o futuro da comarca. A continua perda de emprego e a incertezas sobre a estabilidade de emprego-poboación constitúen un problema estrutural que debe ser abordado desde diferentes ámbitos e competencias; sendo esta estratexia unha máis, que debe estar ligado a obxectivos de mellora de calidade de vida. O modelo de emprego está definido pola multifuncionalidade económica, cunha equilibrada estrutura do emprego asalariado (servizos públicos) e unha ampla rede de pequenas empresas/autónomos (sector agrario, comercio, turístico, pequena industria, servizos, etc.). Detéctase un efecto chamada cara ao autoemprego, necesario para compensar os efectos da crise de emprego, pero con incerteza sobre a súa estabilidade.

A consolidación do emprendedor e a diversificación das actividades económicas son as claves para un futuro de emprego, máxime nun territorio con oportunidades e recursos, que debese aproveitar as novas tendencias, así como a información e o coñecemento que se transmita a través da formación e a investigación.

A economía desta comarca pivota sobre unha ampla rede de empresas, micro empresas en sectores diversos pero moi interrelacionados e interdependientes. Empresas, polo xeral, moi localistas, moi centradas no seu propio mercado local e sen moitas expectativas de cambio e con baixo nivel de renovación e innovación. Un escenario, que convida á reflexión, a tomar medidas de incentivo, de reorientación, de cambio.

A diversificación da actividade agraria tradicional é un obxectivo indispensable para garantir a sustentabilidade económica do medio rural, diversificación que debe producirse nunha dobre dirección:

- *A través de produtos e formas de producir que se manteñan á marxe da actual paradigma baseado na produción intensiva de leite e eucalipto destinados á gran industria (leite mentolada)*

- *Procesos de diversificación a través de actividades non agrarias capaces de xerar emprego e fixar poboación. Algunhas delas son actividades moi ligadas ao sector primario que pode facer de elemento tractor (industria agroalimentaria artesanal, aproveitamento non madeireiro do bosque) ou ser complementarias da actividade agrogandeira..*

Unha necesidade constante durante todo o proceso de participación foi a demanda de chan industrial, a necesidade de ordenación parcelaria, a simplificación normativa, a adecuada regulación urbanística ou a creación de instalacións comunitarias (cebadeiros, sala de despezamento, envasado, transformación, etc) como elementos clave para a creación e consolidación de empresas. Unha rede empresarial sólida, multisectorial, organizada e competitiva interna e externamente é a mellor garantía de futuro para os territorios rurais.

Pero tamén se trata de diversificar a través doutras actividades que tradicionalmente non se vincularon ao medio rural (pequenas industrias locais, sector terciario) que contribúen a frear a caída demográfica do territorio a través da creación de postos de traballo e que, nalgúns casos -servizos á poboación, comercio, etc.-, son fundamentais para reducir as diferenzas en calidade de vida que existen entre o medio rural e as contornas urbanas

Orientación. As operacións han de orientarse cara á creación, ampliación e modernización de empresas que cren emprego estable e de calidade en todos os sectores do ámbito competencial deste programa, orientando cara a aqueles sectores estratéxicos e buscando unha maior diversificación e competitividade. O emprego de calidade tamén ha de pasar pola consolidación da rede empresarial existente, pola existencia dun marco de apoio ao emprendemento en todas as súas fases e a formación continua do conxunto da poboación traballadora.

Asemade, han de apoiar e fortalecer un tecido produtivo formado por unha base de pequenas empresas e micro empresas multi sectoriais, impulsando a creación de empresas en todo os sectores do ámbito competencial do programa, especialmente naqueles sectores considerados estratéxicos, xeradores de emprego estable e de calidade e que se localicen en núcleos rurais. Sen menoscabo do apoio a novas empresas e actividades que se localicen en capitais de concello -centros de actividade social e económica onde tenden a situarse o maior número de empresas. Paralelamente hase de incentivar a consolidación e competitividade das preexistentes e que procuren procesos internos de investimento, mellora, modernización, debéndose estimular a innovación empresarial (tanto tecnolóxica como en produtos e procesos produtivos) como formula para adaptarse ás novas esixencias do mercado e para gañar competitividade.

02.1. Creación e desenvolvemento de pequenas empresas rurais que consoliden e/ou incrementen o nivel de emprego no territorio

A diversidade do sector produtivo conleva unha economía rural moito máis dinámica e resistente ós cambios e as crises. A diagnose efectuada reflicte unha insuficiencia na oferta de produtos e servizos, polo que un dos obxectivos da estratexia debe ser incentivar a creación de pequenas empresas industriais e de servizos que axuden a manter a poboación no medio rural, mellorar a súa

calidade de vida e elevar o nivel de renda e a xerar emprego.

02.2 Fortalecemento do comercio polo miúdo

No ámbito do comercio e a hostalería, o seu incentivo debe ir directamente ligado á creación de emprego de calidade, a mellora e a competitividade, así como a mellora da especialización e a profesionalidade.

Débese apostar por un comercio polo miúdo con maior dinamismo que o faga máis forte fronte ós cambios da coxuntura económica , así como fomentar o pequeno comercio de proximidade nas zonas máis rurais..

Os comercios da comarca precisan, para non quedar relegadas en relación con outras contornas urbanas e outras empresas de maior tamaño, afrontar novas fórmulas de venda.

Estes retos pódense afrontar co apoio a iniciativas de comercialización a través de canles curtas, a aplicación das novas tecnoloxías nos procesos de venda (e-comercio), e a mellora da presentación dos produtos

02.3. Favorecer o desenvolvemento dunha oferta turística adaptada á demanda

Mención especial require a consideración do turismo como elemento crave na diversificación da economía rural. Unha actividade, a turística, que está en continua transformación e que, como se puxo de manifesto, tamén require un cambio de modelo que permita evolucionar a oferta para que se axuste ás novas demandas. A ausencia de actividades de turismo activo e turismo de experiencias é unha deficiencia evidente do territorio e a súa corrección ten que formar parte dos obxectivos operativos da estratexia, na que tampouco deben excluírse os apoios á creación, modernización e diversificación de establecementos que favoreza unha oferta turística profesional, legal, e que garanta uns estándares mínimos de calidade.

A promoción do territorio aproveitando os seus recursos naturais e patrimoniais, fundamentalmente o Camiño Inglés, teñen que contribuír a desestacionalizar a demanda, aumentando a competitividade das empresas fronte ás doutros territorios máis consolidados como destino turístico.

03. AUMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR AGROALIMENTARIO E FORESTAL

Xustificación. A actividade gandeira foi e segue sendo alicerce fundamental dunha economía local caracterizada por monocultivo bovino de leite intensivo e unha progresivo redimensionamiento das explotacións (redución de número de explotacións e maior número de cabezas). Elementos altamente positivos que chocan cun problema estrutural, transversal a outros sectores, que non é outro que a base territorial: atomización da propiedade (minifundio), falta de claridade da titularidade da propiedade (montes proindivisos) e a dificultade de acceder a maior base territorial para manter os manexos tradicionais e prácticas en extensivo. A iso hase de sumar a compatibilización con outros usos.

O monocultivo gandeiro coa complementariedade de rendas non agrarias, freou a diversificación agraria; atopándonos neste momento con claras oportunidades de aproveitamento agrario vinculado con outras producións (hortícola, pequenos froitos, produtos do bosque, subprodutos), coa transformación (produtos agroalimentarios, de calidade diferenciadas, orientados cara ás novas tendencias de consumos alimentarios) ou con outra tipo de especialización gandeira (apicultura,).

O sector forestal, sen tanto peso social e económico como o gandeiro, adoece dos mesmos problemas de base territorial: atomización, indefinición da titularidade da propiedade e compatibilidade de usos e normas. Súmase a iso, a escasa presenza de empresas de segunda transformación, perdéndose o valor engadido dunha madeira de alta calidade. A xestión e ordenación do monte é outra das necesidades prioritarias, xunto á definición de modelos e posibilidades de aproveitamento compatible coa conservación e outros usos.

O sector forestal debe ir mais alá do aproveitamento exclusivamente madeireiro, orientando o seu futuro á especialización en madeira de calidade, o aproveitamento de subprodutos a aposta pola biomasa e o desenvolvemento do seu potencial agroforestal.

Referido ao sector agroalimentación, a comarca conta cunha cualitativa representación de producións (mel, pan, carne, chacinas, etc). Pero ademais o territorio conta con potencial para converter en emprego e actividade empresarial outras producións primarias e xerar transformación e valor engadido.

Orientación. O sector agroalimentario ha de ser considerado como estratéxico, apostando pola creación de novas empresas e producións, potenciando a innovación e a calidade diferenciada, aproveitando as novas tendencias de consumo alimentario; e buscando a promoción e comercialización, tanto interna como externa, apostando polas canles curtas, a identidade territorial, a cooperación e integración.

No sector forestal as medidas (operacións) han de ir encamiñadas a mellorar o aproveitamento produtivo dos recursos forestais e potenciar a actividade empresarial, modernizando tanto as estruturas como os métodos de produción, incentivando actuacións que se dirixan a aspectos tan diversos como a ordenación, planificación e xestión, produción, transformación, investigación, incorporación de tecnoloxía e sistemas de xestión, formación e comercialización. A ordenación do sector silvícola e forestal faise necesario para optimizar e diversificar o aproveitamento dos recursos forestais, do mesmo xeito que a dotación de infraestrutura de apoio ex. zonas de provisión. Indiscutible é poder abordar actuacións de regularización e clarificación da propiedade cun obxectivo de aproveitamentos, polo menos en plano piloto e demostrativo.

Posibilitar o acceso aos terreos rústicos de titularidade pública por parte dos produtores ou apoiar os labores culturais que permitan o aproveitamento agrícola de terras incultas, tamén contribúen a lograr este obxectivo.

A planificación de actuacións en materia forestal a medio e longo prazo está ligada directamente coa optimización da superficie, mediante o deseño do plans que permitan un uso racional e rendible

das superficies forestais. Isto esixe, non só elaborar os plans de xestión forestal ou instrumentos similares, senón tamén dotar o monte das infraestruturas necesarias para a súa explotación (accesos, zonas para provisións, cargas e descargas), aplicar plans e realizar investimentos para a prevención e extinción de incendios e afrontar os problemas fitosanitarios que afectan as especies forestais.

03.1. Promover un cambio de modelo produtivo do sector primario comarcal.

Trátase de favorecer unha diversificación horizontal das actividades tradicionais das explotacións agrogandeiras, coa posta en marcha doutras iniciativas vinculadas ao sector agrícola ou gandeiro que complementen a actividade primaria. Cultivos hortícolas que foron desprazados polas forraxes e que estaban adaptados ás condicións agroecolóxicas da comarca, novos cultivos, actividades tradicionais cun alto valor natural como a apicultura; cultivos baixo abrigo;, son exemplos de producións diferenciadas que evitan os riscos inherentes á dependencia que xera o “monocultivo” do leite de vacún.

Pero este cambio de modelo produtivo non só se consegue potenciando outro tipo de producións; en ocasións pode ser suficiente atopar outra forma de producir. E neste sentido, a agricultura ecolóxica está chamada a xogar un papel fundamental. Os cambios nas tendencias dos consumidores -que existen non só calidade de produto, senón tamén seguridade alimentaria e sustentabilidade do medio- están a potenciar a demanda de produtos con selo ecolóxico e convertendo ás producións agrícolas e gandeiras ecolóxicas nunha alternativa rendible para as explotacións da Comarca de Ordes

Do mesmo xeito, as materias primas procedentes do sector primario adoecen de novas vías de comercialización que eviten a dependencia das grandes empresas transformadoras e a integración dos produtores primarios na cadea “augas arriba” participando nos procesos non só de transformación, senón tamén de comercialización dos seus produtos.

Non cabe dúbida, e así se puxo de manifesto ao longo do proceso de diagnóstico, que para que se produza este cambio non basta con poñer a disposición de agricultores, gandeiros, produtores e emprendedores instrumentos financeiros que lles permitan adaptar a súa explotación ou iniciar unha nova actividade. Sendo esta unha ferramenta fundamental para conseguir este obxectivo, non sería útil se non se acompaña dun intenso labor de divulgación, concienciación, formación e asesoramento, no que xoga un papel moi importante todas aquelas actividades que teñan efecto demostrativo.

03.2. Desenvolver o tecido empresarial a través de actividades económicas vinculadas ao medio rural

En estreita vinculación co obxectivo anterior faise preciso favorecer o desenvolvemento de actividades tradicionalmente vinculadas ao medio rural, como a industria agroalimentaria artesanal, ou aproveitamento das masas boscosas diferentes ao madeireiro, teñen relevancia no desenvolvemento da Comarca, tal e como se puxo de manifesto nas enquisas e as mesas de

traballos celebrados.

O apoio a actividades de diversificación vertical das explotacións, a través da transformación das producións locais que garantan a xeración dun valor engadido na comarca, vén sendo nos últimos anos un elemento fundamental na estratexia seguida polo Grupo que ha de ter continuidade. A nosa comarca conta coa materia prima e o saber facer necesario para converterse nun referente en produción artesanal de queixos; con todo esta é unha carencia indiscutible no territorio para corrixir para aliviar os problemas que axedan ás explotacións de bovino de leite. A pequena industria chacineira, a transformación de producións hortícolas, ou o aproveitamento de producións tradicionais (mel, grelo, ...) para xerar produtos elaborados, son outros nichos de actividade que necesariamente deben formar parte desta estratexia.

No proceso de diagnóstico tamén se constatou a infrutilización do potencial forestal a nivel comarcal, polo que o desenvolvemento doutros aproveitamentos (biomasa, castañas, cogomelos, caza e pesca) que se convertan en novas fontes de ingresos son fórmulas que tamén contribúen ao obxectivo xeral de diversificación.

04. MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN A TRAVÉS DA CREACIÓN E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS, EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS

Xustificación. A existencia de diferenzas entre as contornas rurais e as zonas máis urbanizadas é unha constante na diagnose territorial, que se produce en todas as áreas do contexto comarcal analizado e afecta á calidade de vida da poboación local. Unhas diferenzas que non só se dan entre a comarca e outras áreas da rexión, senón que tamén se constata internamente.

A mellora da calidade de vida é, xunto coa creación de emprego, un dos condicionantes necesarios para fixar a poboación no medio rural. Calidade de vida, non é máis que dispoñer daqueles equipamentos, infraestruturas e servizos á poboación en condicións de similar equidade coas áreas urbanas, e que determinan a decisión de vivir no medio rural ou non. Debemos entender como servizos á poboación, tanto os que se poidan prover a nivel privado desde as empresas ou emprendedores que xeren novos servizos inexistentes ou deficitariamente cubertos; como aquelas actividades ou servizos públicos que as administracións poden proporcionar para mellorar a calidade de vida; e nestes servizos debe entenderse tanto infraestruturas e equipamentos (sanitarias, sociais, educativas, turísticas, etc) como accións de dinamización e desenvolvemento social.

Neste sentido a comarca, a súa localización, cona con certo nivel de servizos: centros educativos, sanitarios, servizos das administracións públicas descentralizados etc. Esta dotación non é homoxénea internamente. Actualmente, consecuencia de cuestións orzamentarias, a dotación de servizos e a súa calidade viuse mermada, o que contribuíu a reducir as condicións de benestar que a sociedade rural demanda e á cal ten dereito.

As necesidades de mellora da calidade de vida superan os ámbitos competenciais deste programa. En todo caso o proceso de participación permitiu albiscar aquelas preferencias de acción en materia

de servizos á poboación e que se centran na mellora da mobilidade interna (transporte e estradas), acceso ás novas tecnoloxías da comunicación, servizos asistenciais á poboación maior, equipamentos/infraestruturas de apoio á empresa (chan industrial, equipamentos comunitarios etc.), equipamentos comunitarios para os núcleos rurais, etc.

Orientación. As operacións han de orientarse á dotación de equipamentos e infraestruturas que sirvan de apoio á iniciativa empresarial, á proximidade de servizos básicos aos núcleos rurais, accesibilidade dixital, ao aproveitamento de instalacións ociosas como equipamentos de uso recreativo, turístico, asistencia ou social. Servizos que ha de ser promovidos polas administracións e que tamén poden ser auspiciadas polas entidades sen ánimo de lucro na progresiva dinámica de participación social e corresponsabilidade.

04.1. Mellorar a conectividade das Tic e potenciar o seu uso para o desenvolvemento empresarial.

Trátase de reducir a fenda dixital existente no seo do territorio comarcal, entre os núcleos máis rurais e inaccesibles e as cabeceiras municipais, en canto a posibilidade de acceso a Tic, buscando fórmulas e tecnoloxías novas que garantan á poboación o acceso á rede en boas condicións. A dotación das infraestruturas e os equipamentos que permitan o acceso a banda ancha nos núcleos rurais ou o mantemento de servizos moi valorados pola poboación (tele centros e aulas de informática) son actividades que contribúen a conseguir este obxectivo

En vista dos resultados da análise territorial efectuada, tamén se expón como obxectivo reforzar o emprego de novas tecnoloxías da información na produción, xestión e comercialización do conxunto de Pemes comarcais, ao ser unha necesidade detectada en todos os sectores analizados.

Desenvolver o potencial do uso das novas tecnoloxías para a formación e a cualificación profesional, aproveitar as oportunidades que ofrece para a incorporación de profesionais liberais no ámbito rural e avanzar no desenvolvemento da administración dixital reducindo trámites e burocracia, son oportunidades que quedaron patentes no diagnóstico territorial e que é necesario que explorar.

04.2. Dotar ao territorio de novas infraestruturas e servizos á poboación

Procurar o benestar dos cidadáns implica garantir unha adecuada cobertura dos servizos básicos, que dean resposta ás necesidades de tipo asistencial, educativo ou sanitario e que garantan a plena protección dos dereitos en materia laboral, profesional, informativa, de seguridade cidadá da poboación. Pero tamén, e cada vez en maior medida, implica dotar ao medio doutras infraestruturas e equipamentos cada vez máis demandados, que faciliten a participación activa da sociedade dunha maneira colectiva.

A posta en marcha e dotación de novos equipamentos a pequena escala que permiten manter e mellorar algúns servizos básicos, especialmente os de carácter asistencial (prestados tanto polas administracións locais como por organizacións sen ánimo de lucro cunha gran capacidade e boa valoración), xunto co aproveitamento dos recursos patrimoniais ociosos ós que se lles poida proporcionar un novo uso recreativo, cultural, deportivo, social, etc. (primando en todo caso a

recuperación de inmoables dotados de significación social e en desuso) son medidas que se poden abordar desde unha estratexia local e que contribúen de maneira evidente a este obxectivo.

05. CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Xustificación. Conservar e preservar un territorio con valores naturais e paisaxísticos excepcionais tense que combinar de forma equilibrada coas formas de vida da poboación que o habita e traballa. Un territorio amplo, cunha poboación e un poboamento moi disperso, onde os ecosistemas de alto valor natural relaciónanse co poboamento e cos sistemas agrarios, todo cun alto nivel de interrelación e interdependencia. O patrimonio rural e natural é un elemento identitario, recoñecible e valorado como recurso para o desenvolvemento dun territorio, sen obviar a súa potencial capacidade para crear emprego e riqueza. A complementariedade de ambos aspectos debe ser un tema transversal de todo o programa; do mesmo xeito que o debe ser o reto de alcanzar maiores cotas de eficiencia enerxética como medidas de aforro económico e de carácter ambiental.

A tensa relación entre conservación e aproveitamento dos recursos territoriais ha de afrontarse dunha forma valente e consensuada. Debe pasar pola definición de usos e aproveitamentos, outorgando un papel importante ós usos tradicionais como elementos de conservación; e á vez é necesario sensibilizar sobre os valores dos que se dispón, o seu modelo óptimo de preservación e de aproveitamento sustentable.

Orientación. As operacións deben orientarse a promover accións piloto de demostración de eficiencia enerxética en empresas, administracións e cidadanía, así como incentivos para a integración daquelas medidas eficaces no ámbito empresarial, da administración local e asociativo.

05.1. Xestionar os sistemas agrarios de alto valor natural e as áreas de conservación da biodiversidade.

A identificación e conservación de prácticas agrogandeiras de alto valor natural contribúe ao mantemento da paisaxe tradicional, a biodiversidade, o asentamento poboacional, a perda de valor ambiental, ao freo á erosión e o enriquecemento do chan, favorecendo o desenvolvemento de actividades propias doutros sectores, como o turístico e a diversificación dentro do propio sector primario. Para abordar esta tarefa é preciso realizar unha tipificación e caracterización destas prácticas, que permita a planificación das actuacións de intervención que levarán a cabo para a súa conservación.

Apoiar o desenvolvemento e aplicación de instrumentos de xestión dos espazos protexidos, á vez que se facilitar a integración de novas áreas de conservación e realízanse os investimentos necesarios para manter e aproveitar dunha forma sustentable estes recursos naturais, son actividades que contribúen a conseguir este obxectivo.

A todo iso, hai que engadir a necesidade de concienciar en temas tan relevantes para a conservación do medio ambiente por exemplo a xestión de residuos: a existencia de medios materiais na comarca, suficientes para realizar unha correcta recollida dos residuos sólidos

urbanos, contrasta coa baixa eficacia desta práctica; a xestión medio ambientalmente eficaz dos xurros e outros residuos procedentes das explotacións agrogandeiras segue sendo unha materia pendente. Todo iso debe de formar parte de campañas de sensibilización que se integren no plan de acción da estratexia.

05.2. Promover a eficacia dos recursos enerxéticos e o consumo racional dos mesmos

A maior parte das pequenas empresas da Comarca de Ordes, independentemente da actividade que desenvolven, non practican unha política de redución do custo enerxético; a eficiencia enerxética non forma parte das áreas prioritaria de xestión, o que leva un incremento dos custos de produción ademais do evidente efecto negativo que isto ten sobre o medio ambiente. Esta mesma situación atopámonola en moitas das entidades locais (grandes consumidores de enerxía) e as estruturas organizativas da sociedade civil da comarca. Coa estratexia contribuírase a que as medidas de eficiencia enerxética intégrense no plan de xestión das organizacións do territorio, procurando que os empresarios, emprendedores e xestores en xeral sexan conscientes dos beneficios económicos que se derivan dunha planificación enerxética e facilitando a implementación de MAEs, sempre que exista un diagnóstico previo da súa eficacia e rendibilidade.

No caso concreto das actividades agrogandeiras, e seguindo na liña do cambio estrutural que se aborda coa estratexia, é necesario promover unha economía baixa en carbono a través da incorporación de fontes de enerxía renovables nas explotacións e a integración da eficiencia enerxética na xestión da explotación trasladando ás explotacións intensivas programas piloto de asesoramento e eficiencia enerxética que xa foron desenvolvidos con éxito no ámbito agroalimentario comarcal.

05.3. Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación dos recursos patrimoniais e culturais

Unha optimización no aproveitamento do patrimonio cultural e natural con gran potencial e escaso aproveitamento (Camiño de Santiago, patrimonio, tradicións, etc), mellorando os recursos contribuírá a conseguir este fin.

06. MELLORA DA GOBERNANZA E DA PARTICIPACIÓN SOCIAL DA CIDADANIA NA XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO RURAL

Xustificación. O proceso de consulta permitiu detectar unha necesidade latente, a demanda de participación e a necesidade de cooperación; e especialmente que os sistemas de consulta e coordinación sexan tidas en conta na toma efectiva de decisións. A poboación atópase desmotivada e desconfía sobre decisións que en moitas ocasións consideran alleas ás súas necesidades cidadás e empresariais, e que maioritariamente se toman desde a centralidade urbana. Igualmente estimouse ca complexidade normativa e burocrática desmotivan o desenvolvemento empresarial. Doutra banda, o individualismo, os localismos, a atomización empresarial e descoordinación de estratexias conducen irremediabilmente ao estancamento.

A aposta decidida da cidadanía por vivir, traballar e gozar da súa terra, é un dos maiores valores da

comarca. O arraigamento é un elemento intanxible que ten alto valor a favor do desenvolvemento rural. Moitas veces as decisións de vivir e traballar tómanse en función do arraigamento, a condición de que haxa unhas condicións adecuadas para iso. Doutra banda o territorio xa conta con experiencia de cooperación e colaboración da man do Grupo de Desenvolvemento Rural que realizou na última década un proceso de integración e colaboración público-privada e de coordinación intersectorial, á vez que actividades de dinamización e cooperación interna e externa. O grupo non foi o único, existe unha tradición asociativa e de voluntario sobre a cal é necesario traballar.

Orientación. As operacións han de orientarse para dotar ao grupo de ferramentas para continuar con labores de participación, cooperación e dinamización; así como favorecer a simplificación normativa e a eficaz administración e xestión do programa. Neste proceso de maior cobertura participativa da poboación ha de cobrar especial transcendencia a dinamización asociativa e do voluntariado; e especialmente o empoderamento dos cidadáns do medio rural.

06.1 Xestionar a estratexia e dinamizar a poboación local potenciando a súa participación.

A metodoloxía Leader ten o seu fundamento na capacidade de mobilizar aos actores públicos e privados locais no mundo rural, creando un espazo de interlocución con capacidade de alcanzar compromisos colectivos que dinamicen a sociedade e a economía local. Na Comarca de Ordes esta forma de xestionar o desenvolvemento rural está a levarse a cabo con éxito desde principios da pasada década; seguir nesta dinámica require incluír na estratexia medidas para dotar ao Grupo de Desenvolvemento Rural dos recursos materiais e humanos necesarios que garantan a súa adecuada administración e xestión.

No diagnóstico detectouse que, quizais como consecuencia da excesiva normalización e burocratización da xestión dos fondos que financian as estratexias, está a provocar una certa apatía por parte dos representantes da sociedade civil á hora de intervir na administración do Grupo. É necesario corrixir esta situación e recuperar o interese das entidades privadas por participar de forma máis dinámica.

As actuacións propias da xestión da estratexia comarcal han de transcorrer de forma paralela á súa comunicación e difusión para chegar a todos aqueles actores que han de participar dunha ou outra forma para conseguir os obxectivos expostos. Unha divulgación eficaz, na que xoga un papel importante as novas formas de comunicación, permitirá manter á poboación debidamente informada, logrando a súa implicación e amplificando os resultados positivos da estratexia.

Comprendería, entre outras, as seguintes accións:

- Actuacións encamiñadas á implicación da poboación no desenvolvemento do entorno no que habita.
- Accións participativas que fomenten unha maior identificación co territorio entre os seus habitantes.
- Actuacións que aseguren unha maior participación das mulleres e os mozos/as nos

distintos procesos de toma de decisións.

06.2. Cooperar para mellorar o coñecemento e obter sinerxías na aplicación da estratexia.

Ao longo do diagnóstico, a cooperación relevouse como unha das fórmulas de xestión máis eficientes para resolver moitas das necesidades detectadas. Cooperación e/ou colaboración entendida en sentido amplo. Cooperación entre grupos para rendibilizar recursos económicos e conseguir sinerxías que permitan alcanzar os obxectivos estratéxicos que son comúns a diferentes territorios. Pero tamén cooperación entre organizacións para transferir coñecementos aproveitando o efecto demostrativo de accións que se levaron a cabo con éxito noutros contextos sectoriais ou territoriais, ou para transferir os resultados de a investigación ás empresas xerando innovación. Cooperación para trasladar a experiencia adquirida na xestión do desenvolvemento rural a territorios de terceiros países nos que a metodoloxía Leader está a empezar a aplicarse como modelo de desenvolvemento que xa demostrou a súa validez no seo da U.E., e tamén cooperación interna, protocolizando a colaboración entre os programas e organizacións de promoción que actúan no territorio, para chegar dunha forma máis eficaz aos seus potenciais destinatarios.

III.4 PLAN DE ACCION: OPERACIÓNS SUBVENCIONABLES

OPERACIÓN	OP1. TRANSFERENCIA DE INFORMACIÓN PARA A COLABORACIÓN E COOPERACIÓN ENTRE PEMES E DIFUSIÓN DE RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN E OUTRAS ACCIÓNS DE INFORMACIÓN
MEDIDA DO PDR	M01 Acciós de transferencia de coñecementos e información (art. 14) M09 Creación de grupos e organización de produtores (artigo 27) M19 Apoio para o desenvolvemento local de LEADER (DLP, desenvolvemento local participativo) (art. 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013)
SUBMEDIDA DO PDR	1.2 Actividades de demostración e información 9.1 Creación de agrupacións de produtores nos sectores agrícola e forestal 19.4 Custes correntes e animación
PRIORIDADE FEADER	P1.A Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base do coñecemento nas zonas rurais P6.B Promover o desenvolvemento local nas zonas rurais Transversal
OBXECTIVOS	01.1 Mellorar a cualificación empresarial e potenciar a cultura emprendedora 01.3 Potenciar a investigación e innovación e a transferencia de coñecementos 06.2 Cooperar para mellorar o coñecemento e obter sinerxías na aplicación da estratexia
XUSTIFICACIÓN	A ausencia de canles informativos adaptados as demandas laborais e as oportunidades de emprego, xunto coa centralización das actividades de información e coñecemento-investigación nas zonas urbanas, as demandas de profesionalización e mellora da competitividade de determinados sectores, fan imprescindible realizar unha serie de accións que non requiran da dependencia das posibilidade de información das zonas urbanas.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Acciós de información (charlas, publicacións, ...) sobre instrumentos e recursos de apoio e promoción de PEMES existentes a nivel comarcal (axencias de desenvolvemento, centros de innovación, ...) 2. Acciós de información para a dignificación das actividades propias do

	sector primario e do medio rural onde se desenvolven. 3. Realización de mesas sectoriais ou foros de encontro entre empresarios ou responsables de Pemes, organizados a modo de grupos de traballo e discusión sobre temas relacionados cos distintos sectores, tras unha exposición informativa previa (canais curtos de comercialización, desenvolvemento forestal, etc). Intercambios de experiencias nos distintos sectores económicos da comarca 4. Prestación de orientación a produtores primarios e apoio informativo, técnico e loxísticos necesario para a constitución de fórmulas asociativas entre estes, que melloren a produtividade e viabilidade das explotacións (comercialización conxunta, promoción de produtos, accesos a plans formativos) 5. Talleres de difusión das actividades propias do medio rural e posibilidades de emprego en ámbitos non urbanos.
BENEFICIARIOS	Pequenas empresas, titulares de explotacións agrarias e forestais. Poboación en xeral
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	100 % dos gastos elixibles xa que as accións implantaranse con cargo a gastos de animación.
BAREMACIÓN	Non será necesaria baremación. Aplicarase unha porcentaxe fixa de axuda do 100% dos gastos elixibles, previa conformidade da autoridade de xestión.

OPERACIÓN	OP2. AUMENTO DA COMPETITIVIDADE E/OU DIVERSIFICACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL
MEDIDA DO PDR	M04 Investimentos en activos fixos (artigo 17) M06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas (art. 19)
SUBMEDIDA DO PDR	4.1 Apoio a investimentos en explotacións agrícolas 4.2 Transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrícolas 6.3 Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións
PRIORIDADE FEADER	P2.A. Mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a reestruturación e modernización das mesmas, en particular con obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola P3.A. Mellora da competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea agroalimentaria a través de sistemas de calidade, valor engadido aos produtos agrícolas, a promoción en mercados locais e circuitos de distribución curtos, as agrupacións de produtores e as organizacións interprofesionais P5.B. Maior eficacia no uso da enerxía na agricultura e na transformación de alimentos P6.A. Facilitar a diversificación, a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.
OBXECTIVOS	03.1. Promover un cambio de modelo produtivo no sector primario comarcal. 05.2. Promover a eficacia dos recursos enerxéticos e o consumo racional dos mesmos
XUSTIFICACIÓN	O sector agrario ten un rol moi importante na vida social e económica da comarca. O emprego agrario (número de afiliados) representa, a 31 de decembro de 2014, o 19,82% do total de afiliados da Comarca. Este sector xenera un 14,37% do V.E.B. e o 42,52 % das empresas con sede na comarca pertencen a el. A Comarca presenta unha clara especialización gandeira, sobre todo en bovino de orientación láctea, copando case un 9% da cota láctea galega. As explotacións agrarias son basicamente de autoconsumo, con escasas referencias de diversificación no agraria.

	O Valor Engadido Bruto da madeira, papel e mobles da Comarca de Ordes ascende ó 2,1 % o que supón case o dobre da media rexional (entre 0,6% e 1,1%) e sitúase entre as cinco comarcas galegas onde o sector da madeira supera o 2% do V.E.B., o que da a idea da importancia deste sector neste territorio.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	AGRARIOS Implantación de medidas de aforro enerxético nas explotacións (MAEs) O aforro enerxético debe acreditarse mediante informe de técnico cualificado ou auditoría enerxético e deberá acadar un 40 %. Creación de puntos de venda polo miúdo na explotación, sempre que polo menos o 80% procedan da propia explotación. Axudas para a creación de explotacións hortícolas especializadas (ao aire libre, baixo invernadoiro, viveiros) Procesos innovadores dentro das explotacións, adhesións a sistemas de certificación ecolóxica, desenvolvemento de novos produtos ou servizos, creación de canles curtos de comercialización e outros que demostren a súa innovación. Nos apartados b, c, d, o investimento subvencionable máximo no poderá superar a limitación establecida no PDR galego e deberán ser actividades complementarias da principal. En ningún caso subvencionarase maquinaria automotriz. GANDEIROS Axudas para outras actividades gandeiras tales como, apicultura, helicultura, etc complementarias da actividade principal. O investimento subvencionable máximo non poderá superar o límite establecido no PDR galego Implantación de medidas de aforro enerxético nas explotacións (MAEs) O aforro enerxético debe acreditarse mediante informe de técnico cualificado ou auditoría enerxético e deberá acadar un 40 %. En ningún caso subvencionarase maquinaria automotriz. FORESTAIS Posta en marcha e desenvolvemento de empresas para o procesamento e a mobilización da biomasa forestal. Unicamente se apoiaran investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, referidos a produción a pequena escala de quebra de madeira e/ou pellets. Posta en marcha e desenvolvemento doutros aproveitamentos forestais distintos da madeira (castañas, cogomelos, etc) Implantación de procesos de certificación forestal. En ningún caso subvencionarase maquinaria automotriz.

BENEFICIARIOS	Titulares de explotacións agrarias ou persoas que vaian selo Agrupacións legalmente constituídas, con maioría de socios titulares de explotacións agrarias prioritarias. Comunidades ou mancomunidades veciñais de montes en man común e empresarios individuais ou pequenas empresas no sector forestal
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, bases da convocatoria e réxime de axudas (pendente) Deberá cumprir a normativa vixente sobre protección ambiental e calquera outra normativa sectorial
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 200.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

OPERACIÓN	OP3. APOIO Ó SECTOR EMPRESARIAL AGROALIMENTARIO
MEDIDA DO PDR	M06. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas (art. 19)
SUBMEDIDA DO PDR	6.2. Primeira instalación de actividades non agrícolas 6.4.Investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas
PRIORIDADE FEADER	P3.A.Mellora da competitividade dos produtores agrarios, integrándoos mellor na cadea agroalimentaria a través de sistemas de calidade, valor engadido de produtos agrícolas, a promoción en mercados locais e circuitos curtos de distribución, as agrupacións de produtores e as organización interprofesionais. P6.A.Facilitar a diversificación,a creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego P6.B.Fomento do desenvolvemento local nas zonas rurais
OBXECTIVOS	03.1.Promover un cambio de modelo produtivo do sector primario comarcal 03.2.Desenvolver o tecido empresarial a través de actividades económicas vinculadas ó medio rural

XUSTIFICACIÓN	O sector agroalimentario convertese na referencia futura desta comarca. Con tradición de produtos de calidade (carne, mel, pan, etc) e con marcas de calidade diferenciada e implantada (Tenreira de Galicia, grelos de Galicia, mel de Galicia, etc), débese incidir na incorporación de novos produtos, producións adaptadas ás novas tendencias alimentarias e de consumo;; procurar un maior valor engadido dos existentes; a transferencia xeracional do “saber facer”; e especialmente a difusión e promoción das calidades da produción agroalimentaria, potenciando a dimensión turística e novas formulas de comercialización con especial atención ás canles curtas; e incluír accións de innovación e investigación para adaptarse aos novos tempos.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	1. Posta en marcha e modernización de actividades relacionadas coa transformación e comercialización dos produtos agrarios enumerados no anexo I do Tratado, tales como infraestruturas e medios materiais para a conservación, envasado, etiquetado, embalaxe, etc, en proxectos promovidos polos titulares das explotacións que supoñan a comercialización dos seus propios produtos. Polo menos o 85% das materias primas utilizadas para a transformación estarán incluídas no anexo I do Tratado, e o resultado dese proceso poderá ser un produto non contido no citado anexo. 2. Investimentos de mellora de competitividade: modernización e mellora de instalacións, procesos, transformación e desenvolvemento de novos produtos/servizos 3. Apoio á innovación empresarial (I+D+i) 4. Accións de mellora de calidade diferenciada e implementación de sistemas de calidade e seguridade alimentaria. 5. Proxectos de comercialización conxunta dos produtos do territorio.
BENEFICIARIOS	Pequenas empresas/ titulares de explotacións agrarias
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 200.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

OPERACIÓN	OP4. APOIO Ó SECTOR INDUSTRIAL
MEDIDA DO PDR	M06. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas (art. 19)
SUBMEDIDA DO PDR	6.2 Primeira instalación empresas non agrícolas 6.4 Investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas
PRIORIDADE FEADER	P6.A Facilitar a diversificación, a creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego P6.B Fomento do desenvolvemento local nas zonas rurais
OBXECTIVOS	02.1 Creación e desenvolvemento de pequenas empresas rurais que consoliden e/ou incrementen o nivel de emprego no territorio 04.1 Mellorar a competitividade das TIC e promover o seu uso para o desenvolvemento empresarial
XUSTIFICACIÓN	A actividade industrial e a construción supoñen o 35,90 % dos postos de traballo (número de afiliados) do territorio e o 38,07% do Valor Engadido Bruto da Comarca. Non obstante, non debemos levarnos a engano, xa que trátase da achega de grandes industrias localizadas en municipios moi concretos. É por iso, que se fai necesario incentivar á creación e desenvolvemento de pequenas empresas industriais.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	Creación empresas industriais, de ámbito local e baixo impacto, incluída a transformación de madeira. Creación de pequenas empresas de construción e rehabilitación de inmobles, no ámbito rural. Desenvolvemento (ampliación e/ou modernización) de pequenas empresas en funcionamento de sectores non agrícolas que cumpran algunha das seguintes condicións: Xerar un novo produto/servizo o a mellora dos existentes Xerar unha mellora no proceso produtivo ou de prestación de servizos Estar relacionado coa comercialización dos produtos ou servizos Supoñer a incorporación das TICs á empresa Ter un claro carácter innovador ou demostrativo As operacións de creación de empresas deberán crear emprego, e as de ampliación e modernización deberán consolidar os postos de traballo
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)

CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 200.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

OPERACIÓN	OP5. APOIO Ó SECTOR EMPRESARIAL TURÍSTICO
MEDIDA DO PDR	M06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas (art. 19)
SUBMEDIDA DO PDR	6.2 Primeira instalación empresas non agrícolas 6.4 Investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas
PRIORIDADE FEADER	P6.A Facilitar a diversificación, a creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego P6.B Fomento do desenvolvemento local nas zonas rurais
OBXECTIVOS	02.1 Creación e desenvolvemento de pequenas empresas rurais que consoliden e/ou incrementen o nivel de emprego no territorio 02.3 Favorecer o desenvolvemento dunha oferta turística adaptada á demanda 04.1 Mellorar a competitividade das TIC e promover o seu uso para o desenvolvemento empresarial
XUSTIFICACIÓN	O sector turístico (hostalería, restauración, servizos de ocio, turismo activo, artesanía, etc) ten a necesidade de abordar iniciativas de creación e mellora ou complementar a súa oferta con novos servizos, actividades e equipamentos. É o momento de implementar accións de promoción e comercialización, apostar pola calidade a profesionalización do sector, e especialmente axustar á oferta á demanda e á adaptación aos continuos cambios de tendencia.
	• Investimentos para a creación, ampliación e modernización e aumento de categoría de establecementos de aloxamento • Investimentos para a creación, ampliación e modernización e aumento de categoría de establecementos de restauración. Quedarán excluídos de apoio, en principio, cafeterías, bares e similares, excepto

TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	bares-tenda naquelas entidades singulares de poboación de menos de 150 habitantes. • Creación, ampliación e modernización de establecementos de turismo activo e de experiencias. • Creación de albergues privados, particularmente ligados ó Camiño de Santiago (inglés), atendendo ás singularidades e necesidades específicas destes establecementos. • Accións de implementación de sistemas de eficiencia enerxética e incorporación de TICs. • Implantación de sistemas de calidade en establecementos turísticos • Proxectos de recuperación e impulso de actividades artesanais vinculadas ó territorio • Creación e dotación de novos servizos que supoñan un produto turístico diferenciado-especializado e servizos complementarios (rutas a cabalo, empresas de ocio, etc) • Creación e consolidación de entidades que presten servizos de información e asesoramento turístico, estruturación, promoción e comercialización da oferta territorial (paquetes turísticos). • A creación de novos establecementos e de novas prazas de aloxamento estará supeditado ó que figure no convenio que se asinará entre AGADER e Turismo. Proxectos programados: Creación/Ampliación restaurante no Pazo de Bidueiro (Ordes)
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente). Convenio AGADER- Turismo (pendente de sinatura)
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 200.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

OPERACIÓN	OP6. CREACIÓN E COMPETITIVIDAD DE EMPRESAS DE COMERCIO E SERVIZOS
MEDIDA DO PDR	M06 Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas (art. 19)
SUBMEDIDA DO PDR	6.2 Primeira instalación empresas non agrícolas 6.4 Investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas
PRIORIDADE FEADER	P6.A Facilitar a diversificación, a creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego P6.B Fomento do desenvolvemento local nas zonas rurais
OBXECTIVOS	02.1 Creación e desenvolvemento de pequenas empresas rurais que consoliden e/ou incrementen o nivel de emprego no territorio 02.2 Fortalecemento do comercio polo miúdo 04.1 Mellorar a competitividade das TIC e promover o seu uso para o desenvolvemento empresarial
XUSTIFICACIÓN	A rede de empresas comerciais da comarca procura servizos e produtos ó conxunto da poboación rural, xerándose unha importante economía local con tendencia a centralizarse nas capitais dos concellos e especialmente na cabeceira comarcal. O sector terciario representa o 39,24 % do V.E.B. o 44,11 % dos traballadores afiliados na Comarca de Ordes. Non obstante, se comparamos eses datos coa media galega deste sector (71,94 % de afiliación e 68,46 % do V.E.B.) obsérvase que o noso territorio está pouco terciarizado en comparación con outros territorios da Comunidade Autónoma. Este tecido empresarial é unha das bases do futuro, garantía da calidade de vida e fonte de emprego e actividade económica, polo que faise preciso incentivar a creación de novas empresas, a mellora das existentes e a incorporación da calidade, a innovación, as TICs e a eficiencia enerxética.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	• Creación, ampliación e modernización de establecementos comerciais por xunto, en todo o territorio nos seguintes epígrafes do I.A.E: 612.1; 612.2; 612.3; 612.4; 612.5; 612.9; 613; 614.1; 614.2; 615.2; 615.4; 616; 617 e 619 (agás 619.8) • Creación, ampliación e modernización de establecementos comerciais polo miúdo cos seguintes condicionantes: - Serían subvencionables en todo o territorio da Comarca de Ordes, os proxectos enmarcados nos seguintes Epígrafes: 641; 642; 644; 647; 651; 652.2; 652.3; 652.4; 653; 659.5, 659.6 e 659.7

	- Creación, ampliación e modernización de empresas de servizos e actividades profesionais - Serán subvencionables en todo o territorio de actuación deste GDR, e tanto no caso de creación como de ampliación e modernización, os proxectos de servizos tendentes a atender, de xeito integral, as necesidades e problemáticas das persoas máis vulnerables (mulleres, maiores, nenos, discapaces, ...), fundamentalmente no ámbito da asistencia social así como aqueles que atendan a natureza de servizos educativos, sanitarios ou similares, e en particular aqueles enmarcados nos epígrafes 931.1, 942.1; 951, 952; 966.1; e 969.1 do I..A.E. - No resto de epígrafes subvencionables (691.1; 691.2; 692; 751.5; 755; 757; 761; 832.1; 842; 849.5; 849.7; 921;.2; 921.6; 922; 942; 943; 944; 945; 961; 963.1; 965.4; 966.2; 967; 969.5; 971; 972; 973; 974; 979.1; 979.4; 981.2 e 981.3) quedarán excluídos os proxectos situados en entidades singulares de poboación superiores a 750 habitantes, agás naqueles sitios en polígonos industriais ou parques empresariais. Esta limitación non rexerá para entidades de economía social (cooperativas, sociedades laborais, etc) Proxectos programados - Creación dun tanatorio en Mesón do Vento (Ordes) - Ampliación de empresa audiovisual en Ordes
BENEFICIARIOS	Empresarios individuais/Pequenas empresas
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente) e as establecidas no apartado de tipoloxía de proxectos
NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% do investimento subvencionable cun máximo de 200.000 € por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos produtivos

OPERACIÓN	OP7. EFICIENCIA ENERXÉTICA
MEDIDA DO PDR	M06 Desenvolvemento de explotacións agrarias e empresariais (art. 19) M07 Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais (art.20)
SUBMEDIDA DO PDR	6.2 Primeira instalación de empresas non agrícolas 6.4 Investimento, creación de desenvolvemento de actividades non agrícolas 7.2 Creación, mellora e ampliación de pequenas estruturas, incluídas as de enerxía renovable e aforro enerxético
PRIORIDADE FEADER	P5C Facilitar o suministro e uso de fontes renovables de enerxía, subprodutos, refugallo e demais materia prima non alimentaria para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.
OBXECTIVOS	05.2 Promover a eficacia dos recursos enerxéticos e o consumo racional dos mesmos
XUSTIFICACIÓN	Esta operación ten unha clara orientación transversal, aplicada tanto ó tecido empresarial como as entidades locais e asociacións cara a procura dun cambio no modelo de consumo enerxético, potenciando outras formas de uso, e promovendo un aproveitamento sostible dos recursos locais, con especial atención ó sector primario, a sensibilización sobre a eficiencia enerxética e o cambio climático, e a progresiva incorporación de accións medioambientais no ámbito da administración local e a cidadanía.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	Medidas de eficiencia enerxética, enerxías renovables ou arquitectura bioclimática a equipos, procesos produtivos, infraestruturas ou instalación nas empresas. Medidas de eficiencia enerxética, enerxías renovables ou arquitectura bioclimática en entidades públicas e entidades sen ánimo de lucro. Accións de sensibilización sobre eficiencia enerxética Quedaran excluídos aqueles proxectos que supoñan investimentos en enerxías renovables para a venda á rede.
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/pequenas empresas/ asociacións e outras institucións de carácter privado
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)

NIVEL DE AXUDA	Ata un 50% en actividades produtivas e o 90% en actividades non produtivas (prioridade alta) co límite de 200.000 euros.
BAREMACIÓN	Segundo o baremo establecido para proxectos produtivos e non produtivos de prioridade alta.

OPERACIÓN	OP8. CONSERVACIÓN E MELLORA DO PATRIMONIO NATURAL
MEDIDA DO PDR	M07 Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais (artigo 20)
SUBMEDIDA DO PDR	7.6 Estudos e investimentos vinculados á conservación do patrimonio cultural e natural e iniciativas de sensibilización ecolóxica
PRIORIDADE FEADER	P4.A Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade (incluso nas zonas Natura 2000 e nas zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas), os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes europeas
OBXECTIVOS	05.1 Xestionar os sistemas agrarios de alto valor natural e as áreas de conservación e biodiversidade
XUSTIFICACIÓN	Unha comarca que quere conseguir un desenvolvemento territorial integral, require dunha actitude responsable en materia de medio ambiente e conservación, abordando accións de mantemento, restauración e compatibilidade de usos e mellora do seu patrimonio natural.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	• Investimentos para a posta en valor de zonas de interese natural, paseos fluviais, lagoas , etc e de sistemas agrarios de alto valor natural. • Desenvolvemento de espazos protexidos (Río Tambre, Humidais, etc) • Investimentos para crear ou mellorar infraestruturas que posibiliten o uso e desfrute social do patrimonio natural (sendas, áreas recreativas, áreas de conservación e interpretación da natureza) • Accións de sensibilización e participación social sobre boas prácticas en materia medioambiental • Outros investimentos en espazos naturais, de valorización do patrimonio natural e de conservación da biodiversidade e do medio natural <u>Proxectos programados:</u> - Ampliación da senda Verde do Paseo Ramiro Recouso de Ordes

	- Área recreativa en Buscás - Melloras na Área Recreativa de Vilagudin - Melloras en tres Áreas Recreativas do Concello de Frades - Paseo Fluvial do Rego do Porto – Pontecarreira - Frades
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/entidades privadas sen ánimo de lucro
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custes elixibles en proxectos de prioridade alta, 70 % en proxectos de prioridade media e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 200.000 euros por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

OPERACIÓN	OP9. INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E SERVIZOS PARA A CALIDADE DE VIDA
MEDIDA DO PDR	M07 Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais (artigo 20)
SUBMEDIDA DO PDR	7.3 Infraestruturas de banda ancha 7.4 Creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais 7.5 Infraestruturas recreativas de uso público, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala
PRIORIDADE FEADER	P6.B Promover o desenvolvemento nas zonas rurais P6.C Mellorar a accesibilidade as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) así como seu uso e calidade delas nas zonas rurais
OBXECTIVOS	04.1 Mellorar a competitividade das TIC e potenciar o seu uso para o desenvolvemento empresarial 04.2 Dotar ó territorio de novas infraestruturas e servizos á poboación
XUSTIFICACIÓN	A calidade de vida vai ligada ó nivel de equipamentos, infraestruturas, e servizos á poboación, que determina xunto co emprego, os condicionantes para vivir dignamente no medio rural. É responsabilidade de todos lograr niveis de calidade de vida óptimos en condicións de igualdade e equilibrio

	coa zonas urbanas. Por iso plantéxanse un conxunto de accións/investmentos que servirá de base para o desenvolvemento da comarca.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	• Dotación e mellora das TIC no territorio (pequenas infraestruturas que permitan o acceso as TICs (rede Wimax ou tecnoloxía Wan, Telecentros, Aulas de informática, ..) • Actuacións tendentes a atender, de xeito integral, as necesidades e problemáticas das persoas, fundamentalmente no ámbito da asistencia social, mediante a creación de infraestruturas e servizos adecuados (centros de día, vivendas tuteladas, garderías, xeriátricos, etc.) • Fomento de actividades complementarias para persoas con discapacidade • Accións que presten unha especial atención ás necesidades dos colectivos máis vulnerables (maiores, mulleres e nenos). • Mellora de infraestruturas, equipamentos e recursos turísticos. Creación de novos servizos e infraestruturas turísticas a pequena escala. Sinalización turística • Infraestruturas culturais e de ocio (locais sociais, instalacións deportivas, etc) <i>Os locais sociais onde se pretende realizar actuacións son os seguintes:</i> - <u>Cerceda</u>: Atrio(Rodis), A Silva, Xesteda e as Encrobas - <u>Frades</u>: Ledoira, Gafoi, Mesos, Vitre, Celtigos, Aiazo, Cabezo e Vedral (Abella), Vistaalegre(Galegos) e Aña (este ultimo de nova construción) - <u>Mesía</u>: Cumbraos, Mesía, Albixoi e Olas - <u>Ordes</u>: antigas escolas de Mesón do Vento, Leira Vilamaior, Adrán, Barbeiros, Beán, Parada, Lesta e Mercurín. - <u>Oroso</u>: Trasmonte, Deixebre, Oroso, Gandara, Vilarromaris, Senra, Os Anxeles, Grabanxa - <u>Tordoia</u>: Casa Cultura Pontepedra, Belmis (Numide), Paradela (Leobalde), Eirexe (Bardaos), Castiñeiro (Andoio), Cova (Anxeriz), Santaia (Gorgullos), Tarroeira (Castenda), Piñeiro e Igrexa (Viladabade) - <u>Trazo</u>: Candendo (Campo), Castelo, Polveira (Chaian), Xixirei (Xavestre) e Antiga Casa Consistorial de Viaño Pequeno. • Creación de infraestruturas de apoio ó emprego e á iniciativa empresarial. • Outras infraestruturas relacionadas cos servizos á poboación.

	Proxectos programados - Creación de Punto de Atención a Infancia (un en Ordes e outro en Mesía que daría servizo a Mesía e Frades) - Melloras de equipamentos en aulas de adaptadas no Mesón do Vento (Ordes) - Embarcadero no encoro de Vilasenin - Albergue na estación de Cerceda - Centro de formación en Londoño (Cerceda) - Melloras na Biblioteca de Cerceda
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/asociacións e outras institucións de carácter privado
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custes elixibles en proxectos de prioridade alta, 70 % en proxectos de prioridade media e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 200.000 euros por proxecto. No caso de investimentos en centros sociais a contía de axuda máxima por proxecto non poderá superar os 50.000 euros.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

OPERACIÓN	OP10. CONSERVACIÓN E MELLORA DOS VALORES PATRIMONIAIS HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS E CULTURAIS DO TERRITORIO
MEDIDA DO PDR	M07 Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais (artículo 20)
SUBMEDIDA DO PDR	7.5 Infraestruturas recreativas de uso público, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala 7.6 Estudos e investimentos vinculados á conservación do patrimonio cultural e natural e iniciativas de sensibilización ecolóxica
PRIORIDADE FEADER	P6.B Fomento do desenvolvemento local nas zonas rurais
OBXECTIVOS	04.2 Dotar ao territorio de novas infraestruturas e servizos á poboación

	05.3 Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación dos recursos patrimoniais e culturais
XUSTIFICACIÓN	O papel da sociedade local non pode quedar circunscrito ó proceso de participación na estratexia, senón que será parte activa na execución da estratexia, impulsando acción que procuren a súa implicación no desenvolvemento da comarca.
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	• Deseño, implementación e homologacións de sendeiros. Proxectos que supoñan a conservación e/ou mellora do patrimonio histórico – artístico, cultural, etc, así como o patrimonio menor (cruceiros, muíños) mediante investimentos, catalogación e posta en valor do mesmo. • Proxectos relacionados coa memoria oral e o patrimonio inmaterial. Fomento de actividades relacionadas coa artesanía. Intervencións en torno ó patrimonio industrial (aulas de reciclaxe, museos, etc.) • Creación de centros de interpretación e promoción que dean a coñecer a cultura e historia do territorio. • Outras actuacións encamiñadas á renovación e desenvolvemento de pobos e á protección e conservación do patrimonio rural. Proxectos programados - Rehabilitación muíños no Paseo de Ramiro Recousó (Ordes)
BENEFICIARIOS	Entidades públicas/entidades privadas sen ánimo de lucro
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
CONDICIÓN DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 90 % dos custes elixibles en proxectos de prioridade alta, 70 % en proxectos de prioridade media e 50% en proxectos de prioridade baixa, cun máximo de 200.000 euros por proxecto.
BAREMACIÓN	Segundo baremo establecido para proxectos non produtivos

OPERACIÓN	OP11. GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN
MEDIDA DO PDR	M19 Apoio para o desenvolvemento local de LEADER (DLP, desenvolvemento local participativo) (art. 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013)
SUBMEDIDA DO PDR	19.4 Custes correntes e animación
PRIORIDADE FEADER	P 6.B Promover o desenvolvemento local nas zonas rurais Transversal
OBXECTIVOS	06.1 Xestionar a estratexia e dinamizar a poboación local potenciando a súa participación 06.2 Cooperar para mellorar o coñecemento e obter sinerxías na aplicación de Estratexia Transversal
XUSTIFICACIÓN	O GDR “ASDECOMOR”, como entidade colaboradora na execución da EDL da Comarca de Ordes, require dispoñer dos medios precisos ó seu alcance, sendo esencial contar cun Equipo Técnico para as tarefas propias de información, asesoramento, animación, dinamización, control, xestión económica e administrativa, avaliación e seguimento
TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	Tarefas de información e publicidade da EDLP entre os posibles beneficiarios. Operacións dirixidas a facilitar e potenciar a participación da sociedade civil na xestión da estratexia. Asesoramento a posibles destinatarios e beneficiarios das axudas contempladas no plan de acción, ao longo de todo o procedemento administrativo. Xestión, desenvolvemento, control e avaliación da estratexia, realizada polo equipo técnico da xerencia Accións de promoción vinculadas co ecoturismo, mulleres rurais, aproveitamento forestal, estratexia, agroalimentación, ...
BENEFICIARIOS	Grupo de Desenvolvemento Rural “ASDECOMOR”
CUSTOS SUBVENCIONABLES	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)

ESTRATEGIA LOCAL PARTICIPATIVA DA COMARCA DE ORDES – LEADER 2014-2020

CONDICIÓNS DE ELIXIBILIDADE	Os determinados no Regulamento correspondente, PDR, Bases da Convocatoria e Réxime de Axudas (pendente)
NIVEL DE AXUDA	Ata o 100 % dos custos elixibles, co límite do 25% do total da estratexia.
BAREMACIÓN	Non será necesaria baremación. Aplicarase unha porcentaxe fixa de axuda do 100% dos gastos elixibles, previa conformidade da autoridade de xestión.

III.5 INTEGRACIÓN, INNOVACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DA ESTRATEGIA

INTEGRACIÓN

O modelo da estratexia proposta responde a unha lóxica de intervención integral que aborde conxuntamente os problemas comúns e estruturais do sistema produtivo local e dos territorios da comarca nas súas diferentes escalas, ao fin de optimizar esforzos e recursos e maximizar os beneficios socioeconómicos da EDLP.

Sectorial

